

Verbo da orde relativa dos constituíntes oracionais non-clícticos do latín ó galego medieval*

Alexandre Rodríguez Guerra
Universidade de Vigo

RESUMO. Coa presente contribución pretendemos fornecer (i) unha aproximación á situación latina no que á orde de constituíntes oracionais se refire para o cal manexamos estudos específicos sobre distintos autores e épocas; (ii) un achegamento á situación do galego medieval a través da análise dun corpus representativo; en ambos os casos centrámonos nas estruturas oracionais con dous argumentos léxicos.

Palabras clave: Latín - Galego medieval - Orde de constituíntes - Funcións sintácticas

ABSTRACT. With the present contribution we pretend to provide: (i) an approximation to the constituent order of the Latin sentences, for which we have used specific studies on different authors and times; (ii) an approximation to the situation of the medieval Galician through the analysis of a representative corpus; in both cases we focus clause structures with two lexical arguments.

Key words: Latin - Medieval Galician - Constituent order - Syntactic functions

1. LIMIAR

A unha pregunta do tipo cal cre vostede que é o fenómeno máis e mellor estudado da sintaxe histórica? intuitivamente calquera (non?) filólogo probablemente responderá, den-

Data de aprobación: xullo de 2004.

* A presente contribución insírese dentro do proxecto *Gramática Histórica Galega* que, con financiamento da Xunta de Galicia, dirixe no Instituto da Lingua Galega Xavier Varela Barreiro. A el e mais a Ramón Mariño, coma sempre, grazas.

tro e fóra das linguas romances, que a orde de palabras¹. Autores de todas as correntes non deixaron de se aproximar, con maior ou menor éxito, á disposición que adoptan na secuencia as distintas unidades léxicas e gramaticais. Practicamente todas as linguas, ou polo menos as grandes familias lingüísticas, posúen estudos específicos sobre a orde de palabras.

A relativa simplicidade ou, mellor, doada perceptibilidade do fenómeno en toda época ou lugar axudou indubidablemente a que a el se achegasen multitude de investigadores. Agora ben, esta facilidade de aprehensión non levou parella unha homoxeneidade do tratamento. As explicacións son diversas, como diversa é a nomenclatura e a interpretación subxacente, méstúranse causas, fálase de rixidez ou liberdade moitas veces en relación á mesma lingua sen xustificar, en moitos casos, a opción elixida. Os argumentos, de existiren, poden pertencer a distintos niveis da análise lingüística -non sempre situados no compoñente sintáctico- que tampouco se basean nun homoxéneo e fondo traballo de descrición (a pesar da facilidade de que falabamos antes). Por veces, de se explicitar o método empregado, pártese dunha única idea explicativo-esexética a partir da cal e de xeito apriorístico se tenta demostrar, encaixar ou interpretar os datos máis ou menos abundantes que se manexan. Noutras ocasións os exemplos analizados son relativamente poucos (sobre todo tendo en conta as conclusións xeneralizadoras que se extrapolan deles) e, de seren moitos, non sempre se discriminan adecuadamente os distintos contextos ou non se teñen en conta suficientemente características estruturais pertinentes. Noutras ocasións semella que un maior grao de meticulosidade implica unha presenza proporcional dunha multiplicidade de posibilidades construcionais que, por veces, non son máis ca simples variantes contextuais.

Deixamos fóra da presente contribución o eido clítico porque este si foi un aspecto convenientemente tratado por diversos investigadores tanto no período medieval coma no actual do galego. Quizais a especial situación da nosa lingua neste punto da morfosintaxe, dentro da península ibérica en particular e da Romania en xeral, fixo que os estudosos centrasen os seus esforzos nel, deixando de lado a orde dos elementos non-clíticos que, por outra parte, tampouco se sentía tan distinta ó resto dos romances (dende logo non había indicios de comportamentos claramente diferentes como si existían na vertente clítica). Dende a perspectiva lusa unha autora como R. Virgínia Mattos e Silva na segunda, e recente, edición de *O português arcaico: morfologia e sintaxe* mantén a conclusión sobre “a necesidade aínda de un estudo acurado sobre a ordem dos constituintes no período arcaico do português” (2001²: 127). O mesmo, evidentemente, se pode e debe dicir da ausencia de traballos específicos no caso do galego (cfr. BILEGA ou X. L. Regueira (coord.) *et alii* 1996).

¹ P. Molinelli comeza un dos seus traballos sinalando (1986: 485): “Quella dell’ordine delle parole sembra essere una delle tematiche più frequentemente studiate e ricorrenti, non solo negli ultimi anni per effetto dell’impulso dato dalla ricerca di universali linguistici, ma anche durante tutta la storia della linguistica moderna”.

² Todos os cadros e táboas que se ofrecen no presente artigo son de elaboración propia. Como a inmensa maioría das referencias bibliográficas deste primeiro cadro se inclúen en Molinelli (1986) ou Cabrillana (1993a), evitamos incorporalas na nosa bibliografía final de non seren citadas nalgunha outra parte do traballo.

A nosa contribución estrutúrase en dúas partes claramente definidas: na primeira tentamos recompilar información abonda sobre a situación latina. Procurámolo facer a través de estudos concretos de distintas obras latinas (que cubran un amplo espectro en canto a autores, lugares e épocas). Sabemos que en non poucas oportunidades existen diferenzas de análise e mesmo distintas inclusións/exclusións nas oracións obxecto de análise, pero o fin último é contar coa maior cantidade posible de datos reais para podermos entender perfectamente cal é a situación que amosan algúns dos textos que chegaron a nós (de aí que supeditemos, parcialmente, a homoxeneidade das fontes de procedencia ó feito de contarmos coa súa información). A segunda tenta facer o propio, para poder realmente establecer unha liña de continuidade, coa fase medieval do galego. A partir dunha análise propia de 8.400 oracións galegas de textos medievais ofrecemos uns datos paralelos ós anteriores e, a maiores, fornecemos algúns máis (sempre no nivel dos datos xerais, sen descender á casuística particular, polo menos non de xeito sistemático). Finalmente, para que o labor sexa homoxéneo e perfectamente encaixable nas limitacións deste artigo, céntrase nos esquemas oracionais con dous argumentos. Non esquezamos que este é precisamente o esquema básico elixido polos estudos tipolóxicos para establecer a comparación interlingüística (e que segundo os nosos datos é o esquema máis habitual tanto en latín coma en galego).

2. A FASE LATINA

Consonte o sinalado no parágrafo inicial o latín tampouco foi alleo a innumerables estudos, monografías máis ou menos parciais que cubriron un amplo abano temporal e de marcos teóricos dende os que se contemplaban e interpretaban os feitos lingüísticos. En P. Molinelli (1986) e, sobre todo, en C. Cabrilla (1993a) contamos cun bo resumo das interpretacións sobre a orde de constituíntes latina dende as perspectivas (basicamente) descritiva, tipolóxica e funcional.

Os estudos dos autores incluídos no primeiro grupo (P. Linde, Hofmann-Szantyr, J. Marouzeau e L. Rubio) normalmente amosan unha serie de feitos e exemplos que denominan 'habituais' e, a seguir, fornecen unha restrita de excepcións que pode chegar a ser tan ou máis ampla có propio número de casos ditos 'normais'. Adoitan centrarse nas posicións illadas (sobre todo inicial e final) e non tanto na ordenación relativa dos constituíntes contemplando a oración como unha unidade: é habitual de máis fixarse só en elementos illados que non propician unha visión unitaria e global. A partir dos estudos sobre os universais lingüísticos de Greenberg (1963) cobrou importancia o intento de aplicar ó latín os esquemas tipolóxicos. Entre os autores que se inclúen nesta orientación están Lehmann, J. N. Adams, N. Vincent, M. B. Harris, A. Tovar, Lightfoot, P. Ramat, N. V. Smith, J. A. Hawkins, Dirk G. J. Panhuis, A. Martinet, M. L. Porzio, Ch. Elerick e G. Bossong. Coa incorporación dos estudos funcionalistas sobre a orde de constituíntes latina cobran especial importancia na explicación dos

feitos toda unha serie de factores que pertencen a distinta natureza, nomeadamente semántica e, sobre todo, pragmática (Dirk G. J. Panhuis, T. del Vecchio, J. R. de Jong e H. Pinkster). Engadimos tamén dous autores que proxectan a súa investigación dende a vertente transformacional (Lakoff e Ostafin). No cadro seguinte recompilamos moi esquematicamente as opinións de cada un:

-Cadro 1²-

Autor	Orde de constituíntes en latín
H. Weil (1884)	V na fin
P. Linde (1923)	Posición final de V
J. Marouzeau (1922)	V final pero tamén interior
R. T. Lakoff (1968)	SVO ³ orde fundamental da oración latina
Hofmann-Szantyr (1972)	SOV orde habitual
L. Rubio (1972)	Normalmente S no inicio e V na fin; Determinante+determinado (>SOV)
Lehmann (1972)	OV (César)>VO (<i>Peregrinatio</i>); lt. cl. lingua ambivalente
J. N. Adams (1976)	Lt. cl. SOV > lt. tardío SVO (Plauto: VO/OV)
N. Vincent (1977)	Lt. cl. SOV, aínda que ambivalente
Martin B. Harris (1977)	Lt. cl. SXV
A. Tovar (1979)	SOV
J. A. Hawkins (1979)	Lt. tipo SOV non ríxido
D. Lightfoot (1980)	Lt. lingua moderadamente SOV
P. Ramat (1980)	Lt. arcaico SV e SOV orde máis frecuente
N. V. Smith (1981)	Lt. cl. SOV
D. G. J. Panhuis (1984)	Lt. lingua ambivalente, non é lingua SOV; optou cedo por VO, convive con OV; orde consonte as esixencias comunicativas (vs. a norma lingüística)
A. Martinet (1985)	SOV estatisticamente maioritario, pero con frecuentes infraccións que non comprometen o éxito da comunicación
M. L. Porzio (1986)	SOV preferente pero non orde dominante nun sentido absoluto
T. del Vecchio (1989)	Lt. arcaico: orde motivada por razón do xénero literario
Ch. Elerick (1989)	Lt. cl. SOV
J. R. de Jong (1989)	S-O-3º arg.-satélites-V orde non marcada
A. Nocentini (1990)	Orde non marcada SOV
D. M. Ostafin (1990)	SOV orde fundamental da oración latina
H. Pinkster (1995)	(conectivo)S(conectivo)Arg1-(satélite)-Arg2 (satélite)-Vf Lt. SOV con restricións por autores e épocas: César SOV, Plauto SVO
G. Bossong (1998)	SOV orde de base, contextualmente neutra e estatisticamente maioritaria nuns tipos textuais
E. Magni (2000)	Predominantemente (S)OV

³ Aínda que nós preferiríamos mellor optar por unha convención do tipo S(suxeito), O(bxecto), P(edicado), respectamos a denominación empregada dende hai xa moito tempo pola práctica totalidade dos estudosos (dende a vertente latina, romanística ou tipolóxica): S(suxeito), O(bxecto), V(erbo). Ó longo do traballo empregamos as seguintes abreviacións: *SUX*: Suxeito, *CDIR*: Complemento directo, *CIND*: Complemento indirecto, *CPREP*: Complemento preposicional (argumental), *CCIR*: Complemento circunstancial, *PRTVO*: Predicativo, *FN*: Frase nominal.

Á vista do panorama recompilado, C. Cabrillana (1993a) non dubida en afirmar que se queremos chegar a conclusións non contraditorias, coherentes e explicativas non podemos considerar só parcialmente os distintos fenómenos. Non se pode adoptar un enfoque concreto e unilateral excluindo aspectos que poden (axudar a) determinar a ordenación dos constituíntes: estariamos caendo en interpretacións reducionistas da realidade e en polarizacións que non levan a ningures. Subliña P. Molinelli que para afrontar satisfactoriamente o ‘problema’ da orde de constituíntes hai que estudalo dende todos os aspectos posibles, basicamente morfosintáctico, sociolingüístico e pragmático-estilístico para “arrivare ad una ‘Integrated Theory’ dell’ordine delle parole in latino e dei suoi cambiamenti nel tempo” (1986: 495) (a idéntica conclusión chega C. Cabrillana sete anos despois, 1993a: 250). Cómpre non esquecermos con F. Rodríguez Adrados que “el problema del orden de palabras es, en efecto, demasiado complicado como para decidirlo en una clasificación simplista [Sujeto, Objeto, Verbo]” (1985: 846).

P. Molinelli (1986) entre as consideracións sociolingüísticas inclúe a identificación das fontes en que atopamos os exemplos (textos (non)literarios) tentando localizar testemuñas de distintos rexistros lingüísticos. E a propósito das consideracións pragmático-estilísticas chama a atención sobre o problema de que “il ricorso a criteriî semantico-interpretativi mantiene, trattandosi di una lingua ‘morta’ tutti i rischi delle giustificazioni *ad hoc*” (1986: 495). C. Cabrillana coincide coa autora italiana no sentido de que hai que enfocar os estudos sobre a orde de constituíntes dende unha óptica de análise multifactorial que se centra, aínda que non exclusivamente, nas vertentes sintáctica, semántica e pragmática (1993a: 251).

O principal obxectivo do noso traballo é ofrecer unha visión verbo da orde de constituíntes oracionais en galego medieval. Agora ben, sendo o noso un labor de sintaxe histórica non só non podemos esquecer a fase latina da nosa lingua, senón que nela debemos centrar os máximos esforzos, para interpretar o esencial dun cambio que semella ser latinovulgar ou protorromance (cfr. *infra* Hinojo 2002). Ó facelo tampouco queremos reducir a nosa aproximación a unha presenza meramente ‘simbólica’ desta fase latina. Para tentarmos conseguir iso recompilamos unha cantidade relativamente importante de traballos de especialistas nos cales se fornecen datos e análises con información relevante, de primeira man, que nos permite enxergar con máis garantías a situación latina.

2.1 A orde relativa de funcións sintácticas

Iniciamos o noso percorrido pola situación latina sinalando que imos enfocar o tema a través da orde relativa de constituíntes oracionais. Non nos centraremos nas posicións absolutas que ocupan os distintos constituíntes senón que, como xa fixeron diversos autores e pon de manifesto explicitamente Cabrillana (1993b), contemplaremos a globalidade do enunciado oracional no que cobra sentido a posición das distintas funcións sintácticas consideradas (no seo das predicacións con dous argumentos). Agora ben, debemos ser conscientes

dos problemas iniciais que existen pois non en van un autor como H. Pinkster afirmaba rotundamente en 1993 que “nous ne possédons pas suffisamment de données satisfaisantes concernant des modèles d’ordre de mots avec S,O et V dans lesquels S,O et V son également bien définis” (1993a: 245).

Estamos obrigados, xa que logo, a realizar un esforzo suplementario para examinar e recompilar calquera información valiosa por moi espaxada que estea entre distintas fontes. Certamente e a pesar de que, obviamente, os traballos máis modernos citan e aproveitan os máis antigos, botamos en falta a existencia de publicacións que reproduzan de maneira unificada e homoxénea os datos analíticos presentes nos estudos parciais. No noso caso, de tentarmos actuar respectando os criterios xerais sinalados na introdución, cómpre ofrecer un cadro o máis completo posible que conxugue os distintos parámetros pertinentes á hora de traballar coa lingua latina. Entre eles, e por suposto sen os esgotar, atópanse a diversidade nos autores manexados, os xéneros e rexistros diferentes e as épocas variadas. Á parte da vertente interpretativa interéstanos en especial poder ofrecer datos concretos en número suficiente (i) para poder observar cun potente microscopio a situación latina/latinovulgar, e (ii) para despois podermos entender máis e mellor os propios resultados do romance, xa galego, no período medieval. Nos parágrafos seguintes recapitulamos sucintamente algúns destes factores que interveñen e complexizan o aproveitamento homoxéneo dos datos de que dispoñemos sobre a orde de constituíntes no período latino.

Variación diamésica e *genera dicendi*. Entre as obras que constitúen o noso corpus de traballo inclúense textos xurídico-legais (D.T.L., S.C.B., I.A.X.); prosa literaria en xeral que incorpora crónica histórica en sentido amplo (CAES., SUET., A.V.), a narración de viaxes (P.E.) ou a novela (PETR., H.A.); o teatro (PLAUT., TER); a filosofía (AUGUST.); a oratoria (CIC. (A) e (C)); tratados técnico-científicos (CELS., M.CH.); o xénero epistolar, quer de natureza máis familiar (TEREN. ou, incluso, CIC. (B)) ou máis formal (BRAU., HIER.); e mesmo a epigraffa (I.PO). En total dispoñemos de datos de vinte autores individuais e, alén dalgúns anónimos (4), contamos cun caso de autoría múltiple nas inscricións de Pompei⁴. Tampouco excluímos *a priori* a información sobre distintas obras dun mesmo autor, servíndonos dela podemos establecer comparacións e calibrar mellor as causas da posible variación (cfr. *infra* co caso dos dous corpus (A) e (B) ciceronianos).

Ademais do lugar común que constitúen as reflexións a propósito do carácter escrito e convencional das fontes de que nos podemos servir no estudo do latín, hai comentarios extremos como os de Hinojo (2002: 627) no sentido de que o latín só o “podemos conocer por testimonios escritos, máis o menos literarios, y que éstos no la representan en absoluto, ni a la escrita ni a la hablada”. Entre outras cousas porque para Hinojo os criterios que se foron empregando para conservar esas testemuñas escritas ó longo do tempo seleccionaron precisamente os escritos máis puros e correctos lingüísticamente (alén dos criterios culturais

⁴ Deixamos fóra dos datos anteriores o corpus de LT.M.

ou ideolóxicos) o que provocou que a meirande parte deses textos que chegaron a nós sexan os “máis alejados gramaticalmente de la lengua cotidiana y del habla coloquial” (2002: 627). O anterior, sendo parcialmente certo, coidamos que esaxera a realidade dos feitos: houbo, afortunadamente, textos (mellor ou peor conservados e de distinta extensión e carácter) que por unhas ou outras circunstancias chegaron a nós sen responder, pensamos, ó proceso premeditado de criba que se deriva das afirmacións anteriores (cfr., por exemplo, con TERENCE ou I.Po.).

Para subliñarmos a importancia que este criterio pode posuír, recorreremos novamente a unha cita de G. Hinojo, para quen a orde de palabras latina, máis que dende parámetros cronolóxicos, conviría interpretala como fenómeno que responde máis ben a coordenadas “de un determinado registro lingüístico y literario” (2002: 631). Entre outros autores, H. Pinkster (1993b) insiste tamén decote no carácter esencial do parámetro ‘tipo de texto’. Ademais doutros casos interesantes da pertinencia deste parámetro (por exemplo a menor presenza de preposicións nos textos en poesía ca en prosa) sérvese tamén da orde de elementos. E dá dous exemplos: na obra *De bello gallico* de César os excursos topográficos supoñen unha excepción á distribución habitual do verbo pois sitúan a este no inicio da secuencia; a explicación para Pinkster pasa por comprobar que estamos diante de oracións ‘presentativas’ nas cales o verbo finito é normal que vaia ó inicio pois introducen no texto un novo elemento; o segundo, máis importante para nós, refírese á P.E. pois, sempre segundo Pinkster, ó estarmos diante dun libro de viaxes e de exploracións son moitas as oracións presentativas e, consecuentemente, moitos os exemplos de verbo non final. Daquela, a P.E. non serviría de apoio e argumento para xustificar un hipotético paso de SOV a SVO (do latín ás linguas romances).

Cómpre sermos capaces de enxergar tridimensionalmente a posición dunha produción escrita que pode variar de autor a autor (con todos os factores, incluídos os diatópicos, que complexizan esta variación), de xénero a xénero e de século a século. Esta complexidade inclúe tamén as interseccións porque, por exemplo, as normas que rexen a creación do mesmo tipo de xénero no s. III a.C. e no s. I d.C. non son as mesmas. Neste sentido é altamente recomendable a lectura de Calcante (2000), sobre todo o primeiro capítulo “L’ordine delle parole”. Nesta obra sublíñase que os *genera dicendi* non se limitan a ser simples celas que lle faciliten o labor ó crítico no establecemento de conxuntos discretos, nin sequera unha gramática na competencia de emisor e receptor da mensaxe senón que “operano nella realtà del testo sotto forma di un insieme di strategie testuali” (2000: 10). Neste sentido a hipótese do autor italiano xoga coa evolución nos catro séculos considerados do sistema literario latino cara a “un processo di letterarizzazione del sistema retorico dell’*ordo verborum* o, in altri termini, un passaggio da un sistema caratterizzato da dominanza dell’oralità a un sistema fondato prevalentemente su codificazioni retoriche di stile scritto” (2000: 41). Non debemos perder de vista este proceso na interpretación dos resultados segundo as obras consultadas se sitúan máis cara á vertente oral ou escrita como estruturas do sistema literario. Esta evolución gradual da estruturación do sistema de estilo escrito permite hipotizar que, co paso do tempo,

“si assisterà a un progressivo incremento dell’artificiosità dei testi” (2000: 54). E así, mentres no s. III a.C. “l’opposizione iperbato vs ordine non marcato coincide con l’opposizione stile scritto vs stile aurale (...) Il sistema del I sec. a.C. prevede invece il solo codice di scrittura (...) internamente articolato in *genera dicendi*” (2000: 60). É precisamente nesta última época cando se culmina o proceso de ‘literatización’. Esta hipótese podería explicar satisfactoriamente as “diverse condizioni di accettabilità dell’*ordo verborum* riscontrate nei due sistemi” (2000: 61).

J. Wüest (1998) céntrase no seu interesante traballo en dous tipos de variación: as ‘variedades de aprendizaxe’⁵ e a variación diafásica ou estilística. A importancia da segunda éo en tanto que para J. Wüest a frecuencia relativa con que se documenten unha serie de formas variables pode estar condicionada precisamente polo rexistro estilístico ou o tipo de textos e non tanto pola súa (in)existencia real na lingua falada: o esencial é pois, comprobar a coexistencia (no tempo) de formas diferentes e do seu nivel de gramaticalización.

Só a título de exemplo podemos lembrar con Adams, para quen o latín falado do segundo século da nosa era xa amosaba abundantes características das linguas VO -servíndose do latín das cartas de TERENCE-, que o latín só manterá de maneira artificial durante os séculos posteriores a través de “conservative literary forms” un esquema OV (1977: 75).

Conxugándoo co anterior asumimos como nosas as reflexións que, a propósito do castelán medieval, fai C. Folgar cando sinala que os textos que constitúen o corpus de traballo en sintaxe histórica deben ser o máis variados posibles formalmente, polo xénero literario e polo contido. Despois de recoñecer que, efectivamente, estaremos sempre diante dun corpus “inevitabilmente defectivo” que non reflectirá “exactamente la realidad del habla coloquial cotidiana”, coida C. folgar “que debe admitirse que el sistema morfosintáctico que sirve de soporte a tales textos es básicamente (aunque acaso no lo sea en su estricta totalidad) el mismo que el que el hablante utiliza en la conversación ordinaria” (1993: 6).

Agora ben, no noso caso en concreto interésannos especialmente as reflexións froito do traballo en ordenación de constituíntes e así, por exemplo, ó comentar os xa famosos e reiterados versos de Virxilio que moitas gramáticas e manuais dan como proba da extraordinaria liberdade dos constituíntes oracionais na lingua latina, B. López (1997a) comenta que estes exemplos, procedentes sobre todo da poesía culta, non poden servir como representativos do estado dunha lingua, porque calquera lingua que desenvolvese poesía culta estaría capacitada para xerar exemplos tan rechamantes como algún dos virxilianos.

Variación cronolóxica. Os exemplos de que dispoñemos sitúanse nunha franxa que vai dende o latín arcaico (s. V a.C.) ó latín medieval (s. XI d.C.). Ademais do sinalado nos puntos anteriores, sobre todo no último, é innegable que, se queremos situar o proceso nos seus xustos termos, necesitamos contar co parámetro cronolóxico. De feito, un dos principais aspectos que se adoitan investigar é, con independencia da situación latina, o momento a partir do cal a orde dita non marcada de constituíntes oracionais pasou a ser a ‘romance’. Neste

⁵ Esencial tendo en conta a máis que probable lentitude do proceso de substitución lingüística do latín.

sentido, e con todos os problemas de interpretación dos datos (tendo en conta, alén doutros factores, que unha cousa é atopar -primeiras- documentacións e outra que o fenómeno -sobre todo na fala- xa estivese completamente implantado) os expertos non dubidan ó sinalar que estamos diante dun fenómeno nidiamente latino e non romance. Así, G. Hinojo (2002: 631), despois de criticar afirmacións como a de que a orde VO é de época románica subliña que xa “se da en numerosos textos latinos tardíos”. Non debemos esquecer que estamos diante dun dos poucos cambios panrománicos (cfr. *infra*) xa que, en principio, todas as linguas romances son prototipicamente (S)VO.

Variación diatópica. O feito de estarmos diante dun fenómeno panrománico, que afonda as raíces nun período temperán xa do propio latín, permítenos aproveitar en toda a súa amplitude os datos sobre a orde de constituíntes con independencia da zona do Imperio en que se sitúen. Obviamente, contarmos coa variación xeográfica interésanos sempre e cando se demostrar pertinente, pero obríganos a non perder de vista que a cantidade de datos de que dispoñemos procedentes da zona da Gallaecia son relativamente escasos. O ideal, neste sentido, sería posuírmos datos suficientes, tanto da Gallaecia ou da Lusitania coma da Hispania en xeral. Isto no momento actual non foi posible porque, aínda que xa contamos cunha boa ferramenta como é o CODOLGA, faltan estudos concretos sobre ese corpus para podermos aproveitar as súas análises e conclusións. Asignándolle a importancia que ten este aspecto Hinojo conclúe realizando unha suxestión a propósito da orde de palabras da P.E. en termos de “que el latín de la *Peregrinatio* puede responder a determinadas peculiaridades locales o dialectales, ya que el orden que presenta no es común a otros testimonios latinos tardíos” (1986: 87).

Finalmente, convén non esquecermos unha cuestión metodolóxica e de procedemento elemental que está na base do bo aproveitamento dos datos que, procedentes de fontes diversas, se recompilan e empregan na presente contribución. Os autores dos traballos que fomos pescudando na busca de información non realizan un labor completamente homoxéneo porque os obxectivos diverxen duns a outros, ben por se desenvolveren ó abeiro de marcos teóricos distintos, ben por cambiar o propio procedemento de fichaxe/análise. De feito, non todos os autores explicitan estes criterios, e así pódense incluír (ou non) entre as estruturas oracionais analizadas formas verbais (a)modotemporais, esquemas predicativos e/ou atributivos, oracións con modalidade oracional distinta da enunciativa, oracións con polaridade negativa, tipos de predicación (principais e subordinadas), tipos de unidade (sobre todo (pro)nominal ou oracional), etc. Xa que logo, de non coñecermos perfectamente os parámetros que en cada caso se tiveron en conta, podemos estar diante duns resultados que non son totalmente comparables entre si, pois a inclusión/exclusión dalgúns tipos oracionais pode provocar, e provoca, diverxencias nos resultados (alén dos que se poden deber a outros motivos como os expostos anteriormente). Así, por exemplo, entre os que explicitan os criterios temos:

Ostafin (1990): inclúe na súa análise as cláusulas con SUX explícito e CDIR marcado en acusativo, independentemente do tipo de oración en que aparezan (dominante ou dominada -incluídas as de relativo e as de infinitivo-).

L. Collewijn (en H. Pinkster 1995) ou H. Pinkster (1996²) contabilizan só as oracións declarativas con SUX explícito e CDIR_(ac.) ou O_(xcn., dat., abl.) con formas léxicas (substantivos ou nomes propios) e con formas verbais finitas simples.

Väänänen (1987): para os seus cálculos conta coas oracións enunciativas excluídas as relativas con pronome CDIR.

M^a L. García Sanchidrián (1994) exclúe as completivas no Obxecto.

Puche López (1993), tanto en A coma en B, analiza as oracións con SUX e CDIR.

Cabrillana (1999): oracións principais, O e S substantivos, nomes propios ou frases nominais e o verbo nunha forma finita.

Ademais dunha perfecta e completa información sobre eses criterios botamos en falta (i) que, por veces, os datos que se proporcionan no traballo impreso son só uns poucos, unha selección dos que cada autor considera máis importantes para demostrar ou sustentar a súa argumentación, (ii) que o corpus textual analizado non sexa moi extenso, quer por o investigador realizar unha escolma, o que provoca unha cantidade máis ben pequena de exemplos estudados, quer pola reducida extensión do texto conservado, (iii) que non se ofrezan cadros completos xerais que abrangan distintos autores e épocas, (iv) que non se dean habitualmente anexos finais con todos os exemplos manexados (que tampouco se adoita salvar a través da exemplificación, escasa), e (v) que non se complexice a análise ofrecendo información de distinta natureza, illada ou en combinación (tabulacións cruzadas): tipoloxía de predicacións, combinación das funcións sintácticas, marca de caso en que aparecen, presenza doutros elementos oracionais (argumentais ou periféricos), tipos de unidade...

Os puntos precedentes téñennos que animar para, como xa dixemos, (i) recompilar a maior cantidade de información posible dun número non pequeno de autores, (ii) discriminar cronoloxicamente e polo carácter da obra antes de interpretar adecuadamente os resultados, e (iii) fixarnos moito nas características (se é posible) internas que amosan os datos (dis/cor)cordantes. Só así estaremos en condicións aceptables de superar o obstáculo sinalado por Pinkster (1993a) no sentido de que os responsables reais de moitos datos cuantitativos diverxentes poden ser parámetros como o autor, o tipo de texto, unha pasaxe determinada da obra ou o tipo de oración.

Iniciamos o noso percorrido ofrecendo un cadro no que recompilamos a información a propósito da orde de constituíntes nas oracións latinas que inclúen o predicado e dous constituíntes argumentais, suxeito e obxecto:

-Cadro 2-

%			SOV	OSV	OVS	VOS	VSO	SVO
c. V a.C.	D.T.L		100					
II a.C.	I.A.X.		95	4				1
I a.C.	CAES.	(A)	71	21,9	2,4	1,3	1,3	2,1
		(B)	63,4	21,1	5,8	4,7	1,1	3,9
	CIC.	(A)	63	30	3			4
(B)		53,6	27,7	1,4	0,4	1,4	15,5	
	VIT.		50	14,3	7,1			28,6
I d.C.	CELS.		61,5	7,2	18,1	8,4		4,8
	PETR.		47,6	15,2	6,1	5,6	6,5	19
	I.PO.		56,8⁶	2,1	5,3	1,1	1,1	33,6
II d.C.	TEREN. ⁷		15	5	5	20	5	50
IV-V d.C.	HIER.		57,5	27,5	6,5	2,5	1,5	4,5
	AUGUST.		32	8,5	9,3	11,2	3,5	35,5
V d.C.	A.C.C.	(A) ⁸	28,6	7,1	35,8	7,1	14,3	7,1
		(B)	37,5	16,6	37,5	4,2		4,2
	P.E.	(A)	19,8	6,4	3	13,2	17,6	40
		(B)	21,2	5,7	3,8	21,2	14,4	33,7
V-VI d.C.	H.A.	(A)	27,5		12,3	3,4	7,9	45,5
		(B) ⁹	34,8	3,4	3,9 ¹⁰	3,9	10,2	47,2
VII d.C.	BRAU.		46,5	20,1	10,2	1,7	3,8	17,7
IX d.C.	C.F. ¹¹		37,5	25				37,5
	C.M.C. ¹²		12		6		44	38
X d.C.	C.M.C.		19		1		37	38
XI d.C.	C.M.C.		13		11		38	45

⁶ O 31,5% destes exemplos reproducen a mesma fórmula estereotipada: *NN sebaciaria(m) fecit*, e non é a única.

⁷ En total son 20 os exemplos sobre os que se ofrecen as estatísticas. OSV nunha relativa e seis exemplos de SVO son de oracións de infinitivo o mesmo ca dous de SOV.

⁸ H. Pinkster ofrece tamén os datos segundo esteamos en pasaxes en estilo directo (SOV 25%, OVS 50% e VSO 25%) ou indirecto (SOV 33,3%, OSV 16,7%, OVS 16,7%, VOS 16,7% e SVO 16,7%).

⁹ Puche López sinala que “de forma general, RA presenta máis vulgarismos que RB” (1993: 5).

¹⁰ Todos os exemplos deste grupo -en A e B- responden ó esquema (abundantemente repetido polo carácter do relato): ‘relativo coordinativo CDIR+conxunción subordinante temporal+Verbo+Suxeito’.

¹¹ Agradézolle ó profesor e latinista Celso Rodríguez Fernández a súa xenerosa axuda na interpretación deste documento. No relato incluío todas as predicacións con S e O explícitos (mesmo aqueles casos en que presentan, ademais, CIND). Deixo fóra os esquemas atributivos con *ser*.

¹² Realmente no canto de OVS o esquema considerado sempre é $O_1V(S)O_2$ e, en vez de VSO, denomínase V(S)O. A suma de todas as porcentaxes do s. X dá no orixinal 95% e as do s. XI 107%.

Como se poden interpretar os resultados reflectidos no cadro 2? En primeiro lugar cómpre recoñecer que a orde SOV é estatisticamente maioritaria en todos os autores ata o s. I d.C. inclusive, pero constátase unha diminución máis ou menos progresiva desa maioría. A propósito dos resultados en CAES. (o autor que posúe a proporción máis alta de SOV) non podemos esquecer que, como di Calcante (2000: 35, n. 3) estes datos poden interpretarse como “una maggiore aderenza di Cesare a una grammatica di tipo normativo-analogista”, fronte, por exemplo, a Cicerón que “si dimostra più sensibile all’aspetto retorico dell’ordine delle parole”. Neste sentido é especialmente interesante o caso de Cic. pois, segundo o texto que se analice, obtemos unha diminución de nada menos que dez puntos entre (A) e (B). Ímonos deter brevemente nesta diferenza. Aínda que os datos de (B) se refiren só ó primeiro libro das *Epistulae ad Atticum*, e por iso mesmo debemos actuar con máis cautela se cabe, convén non esquecermos que mentres o corpus (A) está formado por discursos (co grao de elaboración notable que presentan) as cartas do corpus (B) posúen un carácter moi familiar e, aínda que ninguén discuta a súa valía literaria, é probable que o seu formalismo sexa, en todo caso, menor có presente nos discursos.

Do s. II en diante SOV é estatisticamente máis frecuente só nos casos de autores que respectan e seguen na escrita a norma clásica, pero aínda así sempre a moita distancia (mesmo máis de vinte puntos) do que era normal por exemplo en CAES.; a primeira oportunidade en que SVO é cuantitativamente maioritaria é en TAREN. (s. II d.C.) pero antes del, sendo minoritaria, presenta unha evolución *in crescendo*, comezando polo propio Cic. que en (B) ten máis de dez puntos ca en (A), aumenta en PETR. e moito máis en I.Po., inscricións as pompeianas nas que xa algo máis da terceira parte dos exemplos son de SVO. A partir do século V SVO é sempre a orde máis documentada excepto naqueles casos de escritores máis cultos que, conscientemente, empregan un latín que tenta reproducir exactamente os moldes gramaticais recoñecidos como clásicos (é o que acontece, por exemplo, con BRAU. ou, mesmo, coa meirande parte dos autores que se inclúen en LT.M., cfr. co cadro 4)¹³. Aínda que con moi poucas ocorrencias quixemos incluír a C.F. e nela comprobamos que, malia ser un documento notarial e a pesar de existir empate técnico entre SOV e SVO, todos os exemplos da primeira pertencen a subordinadas de relativo, cousa que non acontece coa segunda.

H. Pinkster (1996²) comenta unha táboa que ofrece con dez fontes latinas analizadas (é certo que en 6 delas o número de exemplos sobre os que se dan as estatísticas non supera os vinte e cinco) e extrae unicamente tres conclusións: (i) que S prefire a posición inicial, (ii) que O semella preceder con frecuencia a V, e (iii) que, en principio, ningunha orde está excluída da táboa. Por riba de todas elas atópase a verdadeira conclusión xeral que as engloba a todas: o máis importante é a variedade, a gran variedade que reflicte a táboa. E nesta

¹³ Pinkster (1996²: 80) rexeita que nestes casos se poida falar de que os autores dispoñan mecanicamente o verbo na posición final porque (i) os autores clásicos non colocaron simplemente V sempre na fin das oracións, (ii) porque hai unha grande variedade entre os autores e os propios tipos de texto e (iii) porque semella estraño para Pinkster que, obedecendo os autores á “regra do verbo na fin”, se poidan explicar as desviacións desa regra empregando idénticos factores que xa demostraron a súa valía nos autores clásicos.

variación vai insistir ó longo de todas as páxinas deste artigo ata as propias conclusións nas que resume que “there is no reason for assuming a SOV order in Classical Latin, nor is there one for assuming a SVO order by AD 400” (1996: 80). Paralelamente, E. Magni sinala que é realmente difícil deseñar un cadro tipolóxico coherente para o latín porque hai numerosos indicios que “lasciano supporre un precoce ricorso a differenti tipi di ordine” (2000: 26).

Para xustificar a posible porcentaxe tan alta de SVO en Claudius Terentianus falouse de que o seu carácter bilingüe (latín e grego) podía provocar unha influencia grega na orde de constituíntes que se documentan nas cartas en latín. Adams (1977) no capítulo dedicado á orde de palabras refírese a esa interferencia como posible e, despois de lembrar que o latín destas cartas reflicte unha serie de esquemas característicos do baixo latín e do romance e, previo comentario sobre o paralelismo que grego e latín seguiron neste eido da sintaxe, sinala que prexulgarmos unha influencia do grego sobre o latín implicaría que a lingua habitual de Terentianus fose a grega e non a latina “but the evidence is far from clear-cut” (1977: 66). De feito, o propio Adams nas conclusións do seu traballo ó falar da orde de palabras non menciona para nada o grego, e salienta precisamente que a orde SVO non se atopa nas cartas escritas en grego (1977: 75). Tipoloxicamente o latín destas cartas presenta abundantes características que se asocian prototipicamente coas que amosan as linguas VO (ademais da posición do obxecto, entre outras, podemos contabilizar a posición do xenitivo, dos adxectivos, das completivas ou das subordinadas de relativo). E é que as cartas en latín de Claudius Terentianus para Adams supoñen “the first substantial indication of the extent to which subliterate word order was diverging from that of educated Latin in anticipation of Romance patterns, and in particular of the shift from patterns of an OV type to those of a VO type which had taken place in popular speech” (1977: 87).

A. López García, partindo dos datos de H. Pinkster, establece un corte entre os textos representativos ou non do latín ‘clásico’ que coinciden, basicamente, cos que fan primar a orde SOV ou SVO. No segundo grupo inclúense tres textos (TERENT., P.E. e a Vulgata) e a xustificación que se dá para esta orde diferente non é “el carácter vulgar de los testimonios, sino que se trate de latín cristiano influido por las versiones de la Biblia” (2000: 97). Se iso semella, en principio, indiscutible no caso da Vulgata (tradución latina do hebreo de San Xerome) discrepamos abertamente da inclusión non argumentada nese grupo das outras dúas¹⁴. Na nosa modesta opinión non se pode caracterizar, se non se xustificar documental-mente, o latín dos séculos IV ó VII como ‘biblizante’ *in se*: haberá obras concretas en que isto é así (e tampouco hai por que prexulgar que tal biblización é homoxénea) pero haberá outras nas cales tal hipótese non sexa adecuada.

¹⁴ Á parte de que por exemplo Adams (1977) non faga referencia a un influxo desa natureza nas cartas do soldado C. Terentianus ó seu pai (como si o fai coas posibles interferencias entre grego e latín) e de que na caracterización que da lingua de Aetheria fai V. Väänänen se refira a ela, a pesar de que lembra a literatura eclesíastica, como “langage libre”, “langue de tous les jours”, “reportage sur le vif”, qui comporte un langage neuf”, etc. (1987: 11), non esquezamos que segundo os datos que ofrece A. López García (2000: 97) é precisamente a Vulgata -a única das tres obras que é tradución- a que menos porcentaxe ten de SVO (34,8%).

Cómpre subliñar que no estudo sobre o *Satiricon* Gregorio Hinojo non atopou na famosa Cena Trimalchionis uns resultados diverxentes dos do resto da obra, mesmo a orde OV amosa unha porcentaxe lixeiramente superior (1%). Si hai algúns capítulos que, por unha pequena marxe, prefiren VO pero, contrariamente ó que podíamos supoñer *a priori* “no se refieren a las palabras de los personajes más incultos o más rústicos” (1985: 250). Incluso nas intervencións do propio Petronio téndese máis cara a OV ou VO sen aparente xustificación. Xa que logo, non sorprende que verbo da orde de palabras se refira Adams á Cena Trimalchionis como “unrepresentative of genuine Vulgar Latin” (1976: 83). O propio G. Hinojo recapitula (1986) que a lingua de Petronio se atopa nunha fase intermedia entre a lingua dos autores clásicos e a da P.E.

A propósito da *Peregrinatio* non ten ningunha dúbida G. Hinojo ó destacar que a súa lingua difire da dos autores clásicos e mesmo da de Petronio e así conclúe que “la lengua de *Aetheria* pertenece al tipo VO, o según Greenberg SVO, y por ello todos los determinantes o modificantes siguen al modificado” (1986: 87).

Máis adiante (cfr. §3.1) retomamos a proposta de Bossong (1998) que contempla o paso VSO como intermedio entre SOV (latino) e SVO (romance). Dende logo, á vista dos datos precedentes non se pode concluír que VSO sexa nalgún momento a orde que loite con SOV por encher o espazo da prototipicidade: sempre e en todo momento amosa unhas porcentaxes moi inferiores ás de SVO; ben é certo que ata o s. V, na comparación relativa con VOS, nunca ocupa o segundo lugar (excepción feita de PETR.), situación que semella estar cambiando nesta altura xa que polo menos as estatísticas sinalan que se vai preferir VSO a VOS. Debémonos deter un pouco máis na análise dos datos a propósito de VOS e VSO. Naqueles casos en que a información nolo permite compróbase que O en VOS adoita ser un pronome e non tanto unha forma léxica, así por exemplo en I.Po. o único exemplo que se rexistra é: *rogat te Arpogra ut...*, en TERE. os tres exemplos de VOS na fórmula *salutat te + S* ou, como explicitamente sinala Puche López (1993) para H.A., coa orde VOS os CDIRS son pronomes persoais (*saluto te ego*) mentres en VSO son habitualmente substantivos (cfr. §3.1). A preferencia xa no baixo latín semella ser clara á hora de priorizar con O léxico VSO por riba de VOS.

Hipótese non moi exitosa á vista da escaseza de datos lingüísticos que a avalen (cfr. tamén con §3.1) é a suxerida por R. de Dardel (1989) ó sinalar que para el “la base OVS régit en protoroman une synchronie qui se situe entre celle que régit la base VSO et celle que régit la base SVO” (1989: 138). O propio autor reconece que esta é unha hipótese difícil de defender e como os exemplos manexados son poucos, sinala que a súa proposta cronolóxica hai que tomala con moita cautela. Efectivamente, á vista do cadro 2, fóra dalgún exemplo illado (CELS.¹⁵) OVS sempre foi minoritaria e, naquelas oportunidades en que temos información (P.E. ou H.A.), estamos na práctica totalidade dos exemplos diante de subordinadas

¹⁵ Estes exemplos xustificanse polo tipo de texto (tratado de medicina) e responden sempre a un esquema semellante a: O ‘tal doenza’-V ‘indican’-S ‘estes síntomas’ (cfr. Pinkster 1992).

que, de maneira maioritaria, son de relativo. Unha década despois da proposta precedente, R. de Dardel fala en termos de evolución de dous sistemas ambivalentes que comparten unha das ordes como básica: VSO/OVS primeiro e SVO/OVS despois. Baseándose nun, non plenamente demostrado, testemuño romance conclúe que “on doit admettre que l'état de double base remonte au moins à l'époque où Rome occupe la Dacie, aux II^e et III^e siècles” (2000: 127), cfr. *infra* §3.1.

Fronte ó observado no cadro 2, que contaba con 17 fontes de información distintas, no cadro 3 puidemos recompilar 25. Obviamente, son máis os traballos que se centran na caracterización da oración latina en termos de anteposición ou posposición de O a V, con independencia de que S estea ou non explícito. Non é de estrañar pois, entre outras circunstancias, (i) S non mudou a súa posición prototípica no paso do latín ó romance e, (ii) segundo os datos de que dispoñemos, nunha oración latina con dous argumentos o SUX está presente no 35,9% das ocasións, isto é, son maioría nunha relación de case 2 a 1 os exemplos de non explicitación do SUX.

Inicialmente, de observarmos o que ocorre por exemplo con VO, poderíamos falar de discontinuidade ou evolución ascendente en dentes de serra no sentido de que se vai oscilando, nunha primeira fase, de porcentaxes moi baixas (0, 4 ou 11% por exemplo) a outras máis altas que se sitúan ó redor do 30%, para facelo despois, nunha segunda, entre porcentaxes medias de VO (ó redor do 25%) e porcentaxes altas (próximas ó 60%). Realmente a propia diversidade tennos que obrigar a ler e interpretar os datos coa máxima cautela (cfr. coas nosas reflexións finais neste capítulo).

Advírtese decontado que, fóra de determinadas obras e/ou autores que son fiel reflexo das normas gramaticais clásicas (e isto con independencia do século: é tan válido para D.T.L. coma para CAES., CELS. ou HIER., por exemplo), é posible descubrir (i) que efectivamente sempre hai algunha orde privilexiada por unha maior frecuencia, (ii) que, en consecuencia, o que non temos nunca é unha distribución por igual (=completamente libre e aleatoria) das seis posibilidades teóricas de combinación entre S, V e O, (iii) que o predominio de SOV non se pode xustificar sempre e no 100% dos exemplos por razón da existencia dunha convención escrita, dunhas regras establecidas que así o prescriben (de ser así sería asumible que a homoxeneidade entre os autores que respectasen e se adecuasen a tales normas sería moi alta, cfr. por exemplo co que ocorre con LT.M.), (iv) que o que tampouco temos é un predominio constante, regular e sostido no tempo de anteposición de O a V, (v) dende o s. II, pero sobre todo o V, advírtese claramente que a efectos estatísticos a posposición de O a V é xa a norma e non a excepción, (vi) esta situación non xorde espontaneamente dunha década para outra senón que semella ser a gramaticalización dunha opción presente, e non de maneira excepcional, na realidade lingüística latina xa dende o s. III a.C., (vii) en ningún caso se alcanzan porcentaxes do 100% de posposicións de O, isto é, sobreviven e conviven casos OV e VO, (viii) diríase, xa que logo, que o que se produce é unha inversión na escolla da orde sentida como menos marcada. Cousa distinta é comprobar como foi o camiño seguido e cales foron os factores que interviñeron activamente no proceso (cfr. Rodríguez Guerra no prelo).

-Cadro 3-

%		OV	VO	
c. V a.C.	D.T.L.	100		
III-II a.C.	PLAUT.	68,2	31,8	
II a.C.	TER.	79,2	20,8	
	S.C.B.	100		
	I.A.X.	99	1	
I a.C.	CAES.	(A)	4,7	
		(B)	3,8	
	CIC.	(A)	96	4
		(B)	82,7	17,3
(C)		91	9	
	VIT.	71,4	28,6	
I d.C.	CELS.	86,8	13,2	
	PETR.	68,4	31,6	
	I.PO.	64,2	35,8	
II d.C.	SUET.	88,7	11,3	
	TEREN. ¹⁶	25,9	74,1	
IV-V d.C.	HIER.	91,5	8,5	
	AUGUST.	49,8	50,2	
	P.B. ¹⁷	56	44	
V d.C.	A.C.C.	(A)	28,5	
		(B)	8,4	
	P.E.	(A)	38,5	
		(B) ¹⁸	37,1	
M.CH.	79,6	20,4		
V-VI d.C.	H.A.	(A)	41,4	
		(B)	45,3	
VI d.C.	A.V.	(A)	47,8	
		(C) ¹⁹	43,1	
VII d.C.	BRAU.	76,5	23,5	
IV-VIII d.C.	LT.M.	71,7	28,3	
IX d.C.	C.F. ²⁰	33,3	66,7	
	C.M.C.	18	82	
X d.C.	C.M.C.	25	75	
XI d.C.	C.M.C.	17	83	

¹⁶ Quedan fóra os obxectos pronominais.

¹⁷ Inclúense os obxectos nominais e oracionais (completivas de infinitivo ou conxunción), exclúense os pronomes.

¹⁸ Dato similar, para os capítulos 1-6, fornece Adams (1976): VO 70%, OV 30%.

¹⁹ O 13,3% que falta asígnao S. Lazard a oracións denominadas 'mixtas'.

²⁰ Alén das atributivas con *ser* deixamos fóra do cómputo as subordinadas de relativo e os obxectos pronominais.

Os comentarios de Cabrillana (1999) sobre os datos da *Mulomedicina Chironis* e da *Peregrinatio Egeriae* xustifican a enorme diverxencia entre estes dous textos coetáneos, en primeiro lugar, polo tipo de texto: “a chronicle of a rather narrative type as opposed to a treatise of an expositive nature” (1999: 321); en segundo lugar, Cabrillana fala da preferencia por algunhas estruturas -exhortativas- na obra técnica (cfr. *infra*); en terceiro lugar, a linguaxe técnica é moito máis conservadora (1999: 324) e, de feito, non hai máis que fixarse na similitude dos casos de Celso (I d.C.) e da *Mulomedicina Chironis* con catro séculos de diferenza. Afondando nesta mesma dirección Pinkster (1995: 235, n. 31) sinala que os datos que se obtiveron ó analizar a *Mulomedicina* de Vegecio -s. IV d.C.- son similares ós de Celso.

Non se pode perder de vista aqueles casos en que as estatísticas anteriores son froito da media aritmética dos datos procedentes de distintas obras. É posible que a uniformización agoche diverxencias especialmente pertinentes. Así, de fixármonos nun autor como Plauto, a distribución segundo as obras estudadas é: *Captivi* OV 62%, VO 38%; *Amphitruo* OV 64,6%, VO 35,4%; *Aulularia* OV 58,3%, VO 41,7% e *Asinaria* OV 66,7%, VO 33,3%. Todas elas respectan máis ou menos a media global das comedias plautinas, pero en *Miles Gloriosus*²¹ o resultado é claramente favorable á posposición do obxecto: OV 43,8%, VO 56,2%. A falta de máis información non podemos aventurar ningunha hipótese xustificativa de tal desproporción. O importante é recoñecer que, cunhas coordenadas propicias, non hai nada que impida que os datos, sen chegar a oscilar sistematicamente, si privilexien de cando en vez, polo menos no latín de Plauto, a orde VO fronte a OV.

En Cic. (C) a estatística que reflicte o cadro 3 é a porcentaxe media entre as dúas obras de que se extraen os datos. Pero o comportamento entre elas, novamente, non é homoxéneo e, sen alcanzar o caso de Plauto, hai unha diferenza de dez puntos entre *Pro Roscio Amerino* (OV 95,9%, VO 4,1%) e *Pro rege Deiotaro* (OV 85,7%, VO 14,3%) (entre a elaboración dunha e doutra media unha diferenza de aproximadamente tres décadas) o cal, para estarmos diante duns dos grandes clásicos latinos, é significativo.

En A.V. (C) é interesante constatar que a proporción entre as dúas partes en que se divide a *Theodoriana* diverxe: 1ª parte OV 30,6%, VO 55,1%; 2ª parte OV 59%, VO 28,9%. A propia autora do traballo, S. Lazard, sinala a propósito da 1ª parte que as excepcións á orde VO son aquelas en que o autor do relato (que ela identifica como único para toda a obra) quixo que estes episodios tivesen un ton máis nobre; a propósito da segunda comenta “plus VO pour le récit événementiel, plus OV pour les réflexions générales ou pour quelque événement exceptionnel” (1992: 703).

Adams non esquece sinalar que a frecuencia da orde VO en Plauto “was not metrically determined” (1976: 95). E, de feito, pouco antes este mesmo investigador subliñou que a frecuencia de OV tanto en César coma Cicerón “would be due to its prestige status” (1976: 95) mentres Plauto, que compón para un público popular, “was apparently more ready to admit the patterns of everyday speech” (1976: 95).

²¹ Coñecidas son as dificultades para datar a produción plautina, así a todo *Miles Gloriosus* é con bastante probabilidade posterior ó ano 206 a.C.

A distribución segundo os dez autores considerados en Lt.M. é a seguinte:

-Cadro 4-

%	Sulpicius Severus (s. IV)	Aetheria (s. V)	Eugippius (ss. V-VI)	Ennodius (ss. V-VI)	Iordanes (s. VI)	Gregorius Turonensis (s. VI)	Gregorius Magnus (ss. VI-VII)	Isidorus (s. VII)	Fredegarius (s. VII)	Baeda (ss. VII-VIII)
OV	75	36	80	66	75	73	84	73	85	63
VO	25	64	20	34	25	27	16	27	15	37

Non sorprende en absoluto que de todos eles sexa precisamente Aetheria a que amosa unha orde discordante (que non se debe xustificar exclusivamente en termos de presenza de oracións presentativas), fóra da liña máis ou menos homoxénea en que se converte a escrita cando o exercicio consciente de creación tenta respectar escrupulosamente o canon preconcebido dos moldes identificados como clásicos.

Na selección de comentarios que realizamos do cadro 3 fixemos unha referencia ós ‘moldes gramaticais’. Non queremos deixar pasar a oportunidade para referirnos aínda que sexa sucintamente ás recomendacións dos gramáticos latinos. Gramáticos como Donato (s. IV d.C.) ou Prisciano (ss. V-VI d.C.) refírense á ‘orde natural’ (o *rectus ordo* de Quintiliano, s. I d.C.) como a que sitúa o nome diante do verbo (“Ante verbum quoque necessario ponitur nomen”, Prisciano). Agora ben, non podemos esquecer a precisión de Calcante (2000: 35) no sentido de que “la *recta compositio* dei grammatici non è un ordine non marcato in senso linguistico, ma l’ordine standard nei testi letterari (in particolare del latino classico), cioè un grado zero definito da una grammatica normativa”.

2.2. A cronoloxía do proceso

Parágrafos atrás fixemos algunhas reflexións verbo da cuestión cronolóxica. A propósito deste cambio Alberto Zamboni (1998: 105) sostén inequivocamente que “in termini di cronologia, il fenomeno sembra già pienamente delineato in epoca piuttosto bassa (sec. IV-V d.C.) ma le sue premesse sono certo di non poco anteriori”. Isto é, nunha época relativamente temperá, a orde non marcada de constituíntes oracionais xa era SVO, orde que ademais mergulla as súas orixes en épocas afastadas dentro da propia realidade latina. Con isto sublíñase (i) que non foi un fenómeno recente (=romance) e (ii) que foi un proceso progresivo e dilatado no tempo.

Así a todo non debemos deixar de lado os comentarios xerais que Zamboni realiza non só a propósito do cambio na orde de constituíntes senón doutros importantes cambios neolatinos²²:

²² Que de maneira esquemática son: C.Inf.>C.Conx.: non antes da fin do s. VI; compostos nominais de Verbo+Nome(<N+V): ss. VI-VII; configuración bicasual (península itálica): s. IV-finais do s. V; fixación do artigo: ss. IV-VI; futuro analítico: s. VI; tempos compostos con *habeo*: s. VI.

Sembra dunque innegabile che il complesso sistematico del latino mostri i tratti di una decisa e coerente ristrutturazione nel torno (sia pur largo) di tempo che abbraccia i secc. IV-VI d.C. In altre parole, questa è l'altezza cronologica alla quale si debbono porre i limiti superiori del cambiamento, limiti che comprendono l'insieme (in senso alto) di tutto ciò che è definibile come panromanzo (o protoromanzo o neolatino)" (1998: 123).

Gregorio Hinojo sinalaba uns anos antes (1985) idéntica idea ó colixir que a transición no paso de SOV a SVO xa se advirte en Petronio e consúmase cos autores tardíos dos cales Aetheria é a representante senlleira.

Puidemos comprobar que no latín de Claudius Terentianus (s. II) Adams rexistra e subliña como aspecto cualitativamente relevante non só que existe o esquema SVO senón que é o máis empregado e engade "which was later to become a syntactic order when S and O ceased to be flectionally distinct" (1977: 75).

Despois de comentar as indicacións dos gramáticos latinos (ss. IV-V) a propósito da ordenación relativa dos constituíntes oracionais, Calcante confirma que "i documenti del latino volgare attestano come, all'epoca dei grammatici, si fosse già verificato il mutamento dall'ordine OV (in cui il determinante precede il determinato) all'ordine VO" (2000: 35).

De opinión distinta é H. Pinkster (1993a ou 1996²). Para el -deixando sempre en claro que aínda precisamos moitos máis estudos- non está demostrado, cos datos de que dispoñemos, que a orde de constituíntes do baixo-latín fose SVO pois realmente esta podería non diferir tanto da do latín clásico, o que implicaría (i) que a evolución na orde de palabras foi máis lenta do que habitualmente se cre, e (ii) que permitiría comprender algúns fenómenos de variacións nalgúns romances na súa época antiga (francés por exemplo). Ademais, para Pinkster hai outro (contra)argumento a favor dun desenvolvemento lento da orde SVO pois non se pode establecer unha relación de causa-efecto entre a modificación da orde de elementos e a erosión do sistema flexional latino, por unha razón básica segundo este investigador: no latín clásico as desinencias xa non posuían unha pertinencia esencial na marca da función sintáctica (na súa contorna argumental), tanto a significación léxica coma as relacións entre os constituíntes nominais da oración permitían que só nunha cantidade moi pequena (non excede o 5%) as desinencias demostrasen a súa pertinencia eliminando calquera posible ambigüidade na oración (enténdase como tal, por exemplo, a que potencialmente poden provocar dous argumentos animados). En consecuencia, ó posuír o sistema flexional só un carácter de marca redundante non ten moito sentido dicir que é precisamente a perda deste sistema a que ten "pour conséquence immédiate une incontrôlable panique entraînant la fixation de l'ordre des mots" (1993a: 247). Noutro traballo, ademais doutros argumentos, H. Pinkster conclúe que a partir dos textos por el manexados non existe "support for claiming that by AD400 word order had changed into SVO" (1996²: 80).

A propósito do cambio na ordenación de constituíntes da oración latina Nocentini, sen entrar a analizar o problema, e mesmo “accettando la datazione bassa del mutamento”, entende que é indiscutible que “il latino della *Peregrinatio* si situa comunque nella fase SVO” (1990: 156).

Non podemos esquecer, da man de J. Herman, que hai unha serie de cambios sintácticos, como son a orde de constituíntes (canda a emerxencia dos artigos ou a xeneralización das completivas con conxunción) que dificilmente se adecúan ós dous esquemas que el mesmo propón para outros fenómenos (cfr. coa perda do sistema casual) e que establecen dous cortes máis ou menos discretos (o primeiro chega ata os séculos IV-V e o segundo abrangue os séculos VI-VIII), senón que se trata de cambios “graduels, continus, se faisant jour dès les débuts de notre ère, s’achevant -en gros- vers la fin du premier millénaire, et pourtant panromans” (1998: 22, n. 25).

Ó abeiro dos datos que reflicten os cadros precedentes, e sen perder de vista opinións dos especialistas coma as anteriores, concluímos que é moi probable que na lingua latínovulgar da Gallaecia do s. V (coma na Hispania ou, en xeral, en toda a Romanía) a orde máis básica e menos marcada dos constituíntes oracionais fose xa, efectivamente, SVO. Agora ben, sen perdermos de vista precisamente eses datos é tamén probable que nos séculos inmediatamente seguintes esa opción construtiva, convertida xa na máis básica e a menos marcada, se fixase nunha dobre dirección: redución das escollos de OV nos contextos máis ‘resistentes’ -subordinadas, por exemplo- e fixación de VO coas distintas variantes en función de parámetros diversos (cfr. Rodríguez Guerra no prelo).

3. O GALEGO MEDIEVAL

Non contemplamos, polo menos non neste nivel, a realización dun traballo só de teorización, sen os datos lingüísticos reais, nin tampouco unha mera descrición falta de calquera alicerce teórico. Fieis a esta convición foinos necesario, non só consultar moitas referencias bibliográficas -fonte exclusiva que manexamos para o desenvolvemento dos distintos aspectos da fase latina- (das que tampouco estamos tan sobrados en galego) senón construír *ex profeso* para a presente ocasión un corpus a partir do cal tirar obxectivamente datos contrastados e contrastables sobre a fase medieval da nosa lingua.

Os datos do noso corpus, constituído por 8400 oracións, amosan, por séculos, a seguinte distribución: XIII 27,9% (CSM, LP, PN), XIVa 23% (TCX, GE, PN), XIVb 25,9% (HT, CT, FLT, PN), XVa 13,8% (MS, TA, PN), XVb 9,4% (CI, PN). Segundo o tipo de oracións analizadas os datos son os seguintes: oracións independentes 17,5%, coordinadas 28,8% e subordinadas 53,7%. Inclúense entre as independentes as ‘principais’ de bipolares -tamén as adversativas-. Entre as subordinadas contabilízanse os membros con conxunción de bipolares e adversativas. Non faremos referencia continuamente a todos estes parámetros (o carácter da

obra -basicamente produción (non) notarial- e o factor cronolóxico -que se estende do s. XIII ó XV-, ou mesmo o tipo de oración) pero si aproveitaremos a pertinencia que poidan ter para amosalos sempre que for preciso.

3.1. Esquemas sintácticos con dous argumentos

As unidades funcionais que imos tomar en consideración, alén do predicado, son: SUX, CDIR, CIND, CPREP e PRTVO²³. Deixamos de lado os complementos circunstanciais, isto é, nos cómputos que realicemos non se terá en conta a existencia ou non de CCIRS. Centrarémonos, non tanto nas funcións sintácticas illadamente, coma nos esquemas que constitúen e nos que cobran sentido.

No corpus formado polos 6899 exemplos que recollen as oracións que se sitúan nunha díatese activa (nin pasiva nin construción pronominal), nunha polaridade afirmativa e cunha modalidade oracional declarativa, localízanse un total de 222 esquemas sintácticos diferentes. Sen contarmos os casos excepcionais con cero argumentos (5 exemplos en total que non alcanzan nin sequera o 0,1% dos casos -exactamente o 0,07%-) ou con catro (1,9% do total), os esquemas oscilan entre un e tres constituíntes argumentais. De media teórica saen, xa que logo, 31,2 exemplos por cada esquema. Cales son os esquemas máis empregados? A proporción segundo o número de argumentos de que conste o esquema reflíctea a cadro seguinte:

-Cadro 5-

	%
Un argumento	13,9
Dous argumentos	56,1
Tres argumentos	28,1

Sen ningunha dúbida a estrutura oracional prototípica en galego medieval era a que contaba no seu interior con dúas funcións argumentais (o mesmo ocorría en latín). Vai ser ela o obxecto da nosa análise nas páxinas seguintes. Inicialmente enxergamos dun xeito xeral o que ocorre nas oracións galegas medievais que posúen esquemas con dous argumentos:

-Cadro 6-

%	CDIR	CPREP	PRTVO	CIND
(SUX) +	60,5	25,3	9,5	4,7

²³ En principio, interprétese PRTVO como predicativo e mais como atributo.

Como se pode observar, o esquema prototípico con dous argumentos en galego medieval -e actual- era o que posuía SUX-PRED-CDIR, seguido a moita distancia polo CPREP e xa moi afastados deles o PRTVO e, por último o CIND (esta función cobra toda a súa pertinencia como terceiro actante nos esquemas con tres argumentos). A seguir reproducimos unha serie de exemplos para ilustrarmos algunhas desas posibilidades:

(SUX) e CDIR: **(1)** Et desque esto dišo, *degolou* o fillo (MS 42: 18); **(5)** Et *fabã* of que fũ herdeyros † San Cibrão que efto que eu mândo todo é de meu patrimonio: (HGP 70: 16-18, 1258); **(6)** que, quand[o] a lide foi en Belen, || *aportaron* eles en Tamariz. (LP 2-17); **(7)** et *leuauã* todos cuberturas moy estrayas, (CT 220: 13); **(9)** Et *diz* Josepho que Tubalcaym era ho omẽ que mays podia amãos (GE 18: 17-18); **(15)** Et o dito rrey don Sancho *prouou* moytas eglleias, villas et castellos (CI 113: 7); **(16)** nõ ha cousa que mays *amasse*. (CT 229: 2); **(19)** chegaron a aquela ponte que aquele caualeiro *guardaua* (LT 76: 14-15); **(21)** et meu sinal *ponno* (USC 19: 23, 1295); **(25)** -Estes *açoutarõ* Nostro Señor Ihesucristo en leno verde (MS 43: 14-15); **(26)** *alçou* Lamec oarco, (GE 22: 5); **(27)** Quand' esto *diss' o* menyo, (CSM 6: 87); **(28)** A qual liçençia, despoys a gran tenpo, *gaançou* o bispo Da[]maçio por priuilllegio do papa. (CI 102: 5); **(29)** E sse vós, madr', algun ben *queredes*, (LP 11-6); **(32)** Logo o dito Johán Gago *diso* que demandaua ao dito Gomes Afonso (VFD 431: 8-9, 1451); **(33)** Quando eles *uiron* lançarote (LT 75: 12-13).

(SUX) e CPREP: **(3)** et aos cristiãos que *morauã* en Iherusalem, (MS 37: 14); **(8)** -et *andaua* o emperio d' Emrrique en xxvj anos, (TCX 404: 23-24); **(10)** Quando *foron* ambos a hũa parte, (CSM 5: 54); **(11)** el estando assy *chegou* a el hũu escudeyro (LT 79: 15-16); **(14)** et *comecou a ferir* en elles; (TCX 21: 2); **(17)** Porque trobar é cousa en que *jaz* || entendimento, (CSM 2: 3-4); **(18)** Et se algem contra esta mina venda *veer*, (USC 24: 25, 1306); **(20)** Entõ *chegarõse* a el os fariseus (MS 28: 3-4); **(24)** ca en orden log' *entrou*. (CSM 13: 33); **(30)** ca Deus del se *vingaria*. (CSM 2: 55); **(31)** aqueles voffos parceyros cõ que uos *partidẽs*, (HGP 150: 7, 1313); **(34)** comede seguramẽte que meu fillo he, [...] et ja del *comĩ*, (MS 43: 5-6); **(35)** pois meu amigo i *ven*. (LP 6-5);

(SUX) e PRTVO: **(2)** et os gregos *vijnã* moy lygeyros et moy folgados. (CT 225: 27); **(22)** et *pareşcia* home de grã paragẽ, (MS 5: 1-2); **(23)** Diz: "Prestes *estamos*." (CSM 9: 135).

(SUX) e CIND: **(4)** dou a uos a meatade que *perteelçe* a nĩ ττ a meus yrmaos, (HGP 87: 8, 1310); **(12)** A Locario, [...], *caeu* o rreyno de Eytalia (TCX 26: 10-12); **(13)** Mays quen estouesse ao pe daquela rrocha, [...], *pareşcerlle* *ya* que chegaua aas nuues. (CT 232: 10-11).

Polo que se refire ó suxeito o comportamento, sendo semellante, non é idéntico en todos os esquemas:

-Cadro 7-

%	Suxeitos explícitos (antepostos)
SUX e CDIR	37,4 (71,3)
SUX e CPREP	48,6 (63,2)
SUX e PRTVO	62,6 (84,4)
SUX e CIND	55 (63,6)
Total	43,5 (70,4)

Advirtase que hai unha relación inversamente proporcional entre explicitación de SUX e non prototipicidade do esquema biargumental, rota só polos casos de predicación secundaria, con PRTVO, que, a bastante distancia, son os que máis explicitan -con algo máis das dúas terceiras partes- o SUX (1 e 2). Polo que se refire á colocación do SUX neste esquema compróbase que, contrariamente ó que ocorre nos esquemas con un argumento, a anteposición do SUX sobre ata algo máis do 70%. Cómpre sinalarmos que a PN amosa neste caso un comportamento máis prototípico pois case está quince puntos por riba do anterior. Entre outras causas é obvio que a finalidade dun documento notarial non é a función metalingüística, ou a explicitación sistemática dos recursos estilísticos, senón a transmisión clara, nidia e sen ambigüidades -respectando un canon preestablecido- dun contido que non pode admitir dúbidas interpretativas²⁴. Non podemos esquecer, tamén, a cantidade nada desprezable de suxeitos que son pronomes relativos dentro unha subordinada introducida precisamente por eles e que, por esquemas, presentan o seguinte reparto: SUX-CDIR 21,6%; SUX-CPREP 35%; SUX-PRTVO 33,3%; SUX-CIND 53,8% (3 e 4).

Que características en común teñen os suxeitos pospostos ó predicado? Nos dous cadros seguintes recóllense, respectivamente, os datos relativos ó tipo de unidade dos suxeitos pospostos e os datos relativos á animación e á determinación dos suxeitos, sempre nos esquemas con dous argumentos:

-Cadro 8-

% ²⁵	Suxeitos pospostos			
	FN	NP	PrP	Or. / L
SUX e CDIR	32	43	26	50 / 32
SUX e CPREP	57	51	15	50 / 38
SUX e PRTVO	22	29	20	33 / 19
SUX e CIND	62	18	0	92 / 50
TOTAL	40	44	23	61/32

[NP: Nomes propios, PrP: Pronomes persoais, Or: Oracións, L: Exemplos da lírica.]

²⁴ Resume M^a Sol López as características que, dende a perspectiva que nos interesa, presenta a PN (1993: 115): “A lingua utilizada nestes documentos ten como características fundamentais, que a diferencian dos textos de poesía e prosa analizados, a ausencia de recursos literarios e unha certa dose de formalismo. Estas peculiaridades son unha consecuencia da súa finalidade: transmitir unha información o menos ambigua posible. Posúen amais unha característica común cos textos poéticos, que nos parece importante: non teñen fontes de referencia doutra lingua”.

²⁵ O tanto por cento calcúlase sobre o total de suxeitos explícitos idénticos en cada esquema (o mesmo ocorre no cadro seguinte).

Obsérvase claramente que: (i) cando a unidade é unha completiva posponse ó verbo nun número importante de ocasións, (algo máis das tres quintas partes (cfr. Rodríguez Guerra (no prelo) a propósito das estruturas pesadas) (5); (ii) son os pronomes persoais os que en menor número de ocasións se pospoñen ó verbo (6).

-Cadro 9-

%	Suxeitos pospostos					
	+In.	+An.	+Hum.	DD	DI	SD
SUX e CDIR	30	25	29	29	31	36
SUX e CPREP	47	67	33	43	76	23
SUX e PRTVO	10	17	19	17	56	7
SUX e CIND	31	50	18	32	50	27
TOTAL	31	43	28	31	50	26

[+In.: Inanimados, +An.: Animados non humanos, +Hum.: Humanos, DD: Determinación definida, DI: Determinación indefinida, SD: Sen determinación.]

O parámetro que resulta máis determinante á vista do cadro precedente é o da determinación indefinida xa que exactamente a metade dos suxeitos que posúen esta característica aparecen pospostos ó verbo (7). Polo que se refire á animación é aproximadamente a terceira parte dos suxeitos inanimados a que ocupa unha posición posverbal (8).

Á parte de todo o anterior, debemos facer un comentario a propósito da posposición do suxeito nos esquemas biargumentais considerando os verbos que interveñen nesta colocación:

- nos esquemas con CDIR hai un grupo de verbos -e de contextos- que destaca por riba dos demais: os verbos de entendemento, sentido e lingua supoñen algo máis da metade de todos os exemplos (verbos como *contar*, *oyr*, *responder*, *saber*, *ver* e, sobre todo, *dizer*). Hai algún de movemento como *levar* ou *trager*, outros do ámbito militar como *vençer*, *gaanar* ou *cōbater*, e outros como *reinar* ou *teer* -este último en PN- (9);
- nos esquemas con CPREP os verbos son, sobre todo, de movemento (case coas dúas quintas partes dos exemplos) como *viyr*, *chegar*, *aportar*, *caer*, *entrar*, *yr*, *fugir*, *sayr*, *sobir* ou *tornar*. Novamente verbos, aínda que prototipicamente co suxeito animado, caracterizados polo [-control] como *morrer* -sendo o CPREP un partitivo-, canda a *enfermar*, *durmir* ou *naçer*. Hai verbos situativos como *estar* ou *morar*, relacionados co mundo militar como *ferir*, *contender*, *lidar* ou *estragar*. Abundan tamén os casos co verbo *andar* sinalando o transcórrese do tempo (neste caso con suxeito inanimado) e tamén *durar* (10 e 11);
- nos esquemas con CIND hai dous claros bloques de verbos dentro dos que presentan o suxeito posposto ó verbo: algúns, novamente, de movemento como *chegar*,

vijr ou *caer*, e outros como *aconteçer*, *avijr*, *conviir*, *pareçer* ‘parecer que’, *semellar* e *prazer* que comparten unha característica común: a de presentaren como SUX unha oración (12 e 13).

Hinojo (2002: 631-3) ó analizar a disposición relativa entre o suxeito e o verbo no latín medieval, ademais de ofrecer o dato de que o 78% dos exemplos presentan suxeito antes có verbo (e no 22% o verbo precede o suxeito), repasa as hipóteses xustificativas do dato que dá noutro traballo (1988) de que o 37% dos suxeitos en castelán medieval se pospoñen ó verbo. Despois de retornar a idea de Bourciez segundo a cal esta é unha tendencia do castelán medieval que non posúen as outras linguas romances, e despois de lembrar que Lapesa subliñaba que aínda non había estudos o suficientemente rigorosos nas distintas linguas (incluídos árabe e hebreo) lembra que autores como H. Kuen xustifican que esta ‘peculiaridade’ de castelán e portugués é de posible influencia árabe²⁶. En contra da hipótese arabista sinala Hinojo que na *Peregrinatio* (na que en principio non procede falar de influencia árabe) hai xa un 37% de exemplos de posposición de suxeito. Lembra tamén que noutros autores tardíos, ou no propio latín medieval por el analizado, hai porcentaxes relativamente elevadas de suxeitos pospostos²⁷. Son dúas as causas que manexa para xustificar o aumento de oracións con suxeito posposto ó verbo: (i) a influencia da Biblia (traducida do hebreo que, coma o árabe, adoita pospoñer o suxeito e que sobre todo se deixa notar nos escritores cristiáns) e (ii) a evolución da oración latina dunha orde SOV a outra SVO. Ademais, “un factor decisivo fueron las oraciones pasivas, ya que en ellas el sujeto, antiguo objeto en la activa, siguió ocupando la misma posición, la posterior al verbo” (Hinojo 2002: 633). E é que, como xa se viu na fase latina, os contextos máis habituais (en latín tardío e tamén en castelán medieval) nos que se atopan suxeitos pospostos ó verbo son as oracións pasivas, oracións con verbo intransitivo ou copulativo e, en xeral, oracións con suxeito que “no es protagonista activo de la acción verbal” (Hinojo 2002: 633) ou, engadimos nós, que non cumpre coas expectativas dun suxeito prototípico (cfr. Rodríguez Guerra no prelo).

En Bossong (1998) sostense a hipótese de que xa en latín mercé ós valores pragmáticos da disposición dos constituíntes o verbo puido inverter a súa posición e situarse no inicio da estrutura oracional: SOV>VSO. Este cambio de orientación do estado de cousas oracional (dunha orientación centrípeta -verbo na fin- pásase a unha orientación centrífuga -verbo non final-) é caracterizada tipoloxicamente como thética (isto é, fornecendo a información de xeito global, como resposta a unha posible pregunta do tipo *que foi?*), fronte ó tipo categórico (SVO; neste caso a estrutura oriéntase en tema-remá). Segundo G. Bossong semella que xa no latín tardío “la prédominance de la construction VSO (...) se dessine de plus en plus

²⁶ Rexeitando a hipótese árabe véxase o convincente artigo de Reinhard Meyer-Hermann (1988).

²⁷ Iso sí, Hinojo subliña reiteradamente que en ningún caso a posposición do suxeito supera o 50% dos exemplos (nin en castelán medieval nin en latín tardío ou medieval).

nettement” de aí que “on peut émettre l’hypothèse que l’ordre de base VSO a été le point de départ de l’évolution typologique proprement romane” (1998: 1015). O estadio VSO sería como orde básica e non marcada, pois, anterior a SVO e, xa que logo, “le type SVO des langues modernes n’est pas issu directement du type SOV du latin classique; il y a eu une étape intermédiaire caractérisée par l’ordre VSO comme ordre de base” (1998: 1012). Afirmar tamén que en distintos romances medievais, sobre todo nos iberorromances, “on trouve une prédominance fonctionnelle, et peut-être aussi fréquentielle, de l’ordre VSO” (1998: 1012) ata o punto de sinalar que no castelán medieval esta é precisamente a orde máis neutra.

Por moi suxestiva que semelle a hipótese os datos parecen non a confirmar, tanto na fase latina (cfr. §2), coma na galega (cfr. cos cadros 10 e 12). De xeito moi resumido pódese comprobar que a orde alternativa a SOV -estadisticamente maioritaria- era OSV, en latín clásico VSO é excepcional (cfr. con Cabrilla 1993b para o latín de Cicerón: a posposición de S a V é moi escasa e, con presenza de O, aínda o é máis); só co aumento gradual de (S)V/O comeza a tomar corpo como opción tamén cada vez máis importante VSO, pero sen que en ningún caso esta última chegue a predominar sobre SVO. Lembrando novamente a interdependencia de que fala Cabrilla (1993b) entre SOV e as ordenacións SV e OV, semella bastante probable que a constatación da progresiva posposición de O a V sexa un dos aspectos que coadxuvan, en presenza de S, a que aumente tamén o número de casos de posposición de S a V, priorizando, nomeadamente, a opción VSO.

Como xa avanzamos na fase latina, R. de Dardel (1989) sitúa unha hipotética base OVS entre SOV e SVO. A única proba manexada constitúena unha selección de 22 exemplos de distintas linguas entre as que se atopan portugués e castelán medievais. Nelas “où pourtant la base OVS laisse des traces, la base VSO semble avoir subsisté jusque dans les textes anciens” (1989: 138). Á vista dos exemplos fornecidos, polo menos do portugués, non podemos por menos que discrepar abertamente da súa análise: sendo S sintagma nominal, dos catro propostos só hai un exemplo que se adecúe realmente á orde OVS (os demais son: un refrán -rimado- con verbo copulativo, unha estrutura de *querer*+infinitivo da poesía -con suxeito pronominal e completiva CDIR de infinitivo formado por unha perífrase segmentada no inicio e na fin da estrutura oracional- e o terceiro -tamén refrán- responde realmente ó esquema V-CIND(clít.)-V-S-CDIR: *far-nos-há Deus mercê*). Uns anos máis tarde Robert de Dardel sinala que o carácter excepcional de OVS se confirma en protorromance precisamente “par la prompte disparition de cette base en tant que construction productive” (2000: 126); u-lo seu período ‘verdadeiramente’ produtivo? Neste último artigo, como xa se comentou na fase latina, modifica parcialmente a súa hipótese de 1989 no sentido de que, alén de SOV no inicio, é VSO a máis “ancienne des bases productives protoromanes et se maintient longtemps dans plusieurs parlers romans, à savoir en ibéro-roman, sarde et roumain” (2000: 125). OVS, pola súa banda, funcionaría como base sinonímica doutras dúas bases, “VSO # OVS d’abord, SVO # OVS ensuite” (2000: 125), sinonimia que é entendida en termos de ambivalencia pola copresenza dos dous membros de cada parella que lle permitía a un falante, polo

menos nalgúns contextos, empregar unha ou outra indistintamente. Como no caso do traballo de 1989, Dardel (2000) só ofrece esporadicamente algún exemplo seleccionado *ad hoc* para ilustrar a principal das teorías propostas que, en consecuencia, carece dunha, primordial, base sólida estatística para ser tida en conta como rigorosa hipótese de traballo (cando menos para o recuncho noroccidental da península ibérica).

O cadro que inserimos a continuación elimina os casos en que CDIR e CIND son clíticos (entre parénteses sinalamos a proporción de exemplos dos distintos argumentos situados en posición inicial que son pronomes relativos -dentro de subordinadas de relativo-):

-Cadro 10-

%	VX	XV ²⁸	SVX	XVS	VXS	VSX	SXV	XSV ²⁹
X=CDIR	52,3	9,2 (50,3)	21,8 (17,3)	2,2 (40,5)	0,5	8,9	1,8	3,3 (89,2)
X=CPREP	41,8	9,6 (30,8)	24,6 (33,8)	4,8 (55,3)	3,7	9,4	4,6	1,5 (86,7)
X=PRTVO	35,6	1,6	46,7 (37,4)	1,9	2,2	5,7	4,9	1,4
X=CIND	38,9	8,3 (16,7)	13,9 (50)	12,4	4,2	4,2	16,7	1,4
TOTAL	54,6	5,7 (42,1)	21,4 (26,4)	2,1 (41)	1,9	10	3,8	0,5 (82,6)

A lectura do cadro 10 ofrece algunhas características nidias e importantes: (i) o esquema máis empregado, no que coinciden todos (excepto o esquema con PRTVO que prefire SVX) é VX, isto é, a posposición do complemento ó verbo e a non realización do suxeito (14); (ii) semella igualmente claro que o segundo esquema por orde de preferencia é SVX, isto é, exactamente o mesmo có precedente pero nesta oportunidade coa explicitación do suxeito no lugar esperado (tema informativo), non marcado³⁰ (15); (iii) o seguinte esquema preferido interpola o suxeito entre o verbo e o complemento que continúa posposto (cfr. *supra*)³¹; (iv) a anteposición do complemento ó verbo (sobre todo sen suxeito explícito) posúe practicamente o mesmo número de exemplos có caso anterior, pero cómpre facermos inmediatamente unha precisión: hai 90 exemplos con CDIR (50,3%), un con CIND (16,7%) e 29 con CPREP (30,9%) que son oracións subordinadas de relativo que presentan, como función inicial, precisamente o conector³² (16); (v) os esquemas menos rendibles son XVS que inverte quíasticamente a

²⁸ Comenta R. V. Mattos e Silva que “a [orde] (S)CV só se apresenta com o percentual de 21.77, por causa das relativas iniciadas por COMPL relativo e das frases com COMPL pronominal, que sempre precede o verbo nas subordinadas” (2001²: 125).

²⁹ Retomamos novamente palabras de Mattos e Silva: “A ordem CSV só apresenta 6.66 também por causa das relativas iniciadas por COMPL relativo, senão se nivelaria com VSC e VCS” (2001²: 123-124).

³⁰ Como conclusión á orde no portugués medieval dos DSG di Mattos e Silva: “em relação a SVC, a frequência das outras possibilidades é baixa e condicionada, sobretudo, por fatores gramaticais” (2001²: 125).

³¹ Esta é a verdadeira orde alternativa a SVO con suxeito explícito e non tanto, por exemplo, SOV (cfr. *infra* comentarios a propósito desta última por parte de Ana Maria Martins).

³² A propósito das ordes VO e OV sinala Ana Maria Martins: “A ordem OV, embora muito menos frequente que a ordem VO, está bem atestada em orações subordinadas; mais raramente, ocorre também em orações principais introduzidas por sintagmas *qu-*, quantificadores, sintagmas focalizados e certos advérbios” (2003: 284).

orde non marcada (dos cales ademais hai 17 CDIR (40,5%) e 26 CPREP (55,3%) que son pronomes relativos dentro de subordinadas relativas), os dous (SXV e XSV) que sitúan o verbo na fin da ordenación relativa (sobre todo o segundo que, ademais, está monopolizado por subordinadas de relativo (18 e 19): 58 co CDIR (89,2%) e 13 co CPREP (86,7%) e, por último, VXS que só é relativamente rendible nos esquemas con CPREP (20).

As consideracións anteriores fannos sinalar, no seguinte cadro (do que eliminamos os exemplos de clíticos e pronomes relativos incluídos no ámbito do obxecto) que os esquemas con posposición do complemento ó verbo son maioritarios fronte ós casos de anteposición³³:

-Cadro 11-

%	(S)V(S)	X(S)	(S)X	(S)V(S)
SUX e CDIR	1621	(91,2)	156	(8,8)
SUX e CPREP	777	(85,4)	133	(14,6)
SUX e PRTVO	330	(90,2)	36	(9,8)
SUX e CIND	44	(62)	27	(38)
Total	2772	(88,7)	352	(11,3)

Para A. Maria Martins, que non dubida da identificación do portugués como lingua cunha orde básica SVO,

a variação entre as ordens (S)VO e (S)OV no portugués antigo deve ser interpretada como resultado do estabelecimento na sintaxe de configurações com efeitos interpretativos particulares, no plano semântico-discursivo, nomeadamente no que diz respeito à identificação do foco informacional da frase (2003: 289).

Lembremos que A. Maria Martins, seguindo a Pinkster, cre que idéntica motivación existía xa en latín (é indiscutible a pertinencia do plano informativo -cfr. Rodríguez Guerra no prelo-). Dentro das combinacións posibles o normal nun caso e noutro (posposición-anteposición do obxecto) é que o suxeito non estea explícito (57,1% e 46,9% respectivamente) (1, 21, 22 e 23). De explicitarse o suxeito o máis habitual é a anteposición ó verbo (30,5% e 35,5% respectivamente) e só en contadas ocasións vai posposto (12,4% -sobre todo situado entre o verbo e o obxecto- e 17,6% respectivamente).

De facermos intervir outras coordenadas, por exemplo PN, obsérvase que o feito de estarmos diante dun texto notarial fai que teñamos un aumento das estruturas marcadas, isto é, dunha diminución da orde V...X nunha media de algo máis de catorce puntos (que

³³ A propósito da xustificación en portugués medieval dos exemplos de OV cfr. con A. M^a Martins (2003) (fala de obxecto movido por *scrambling*), P. Teyssier (1987³) denomínoas latinismos sintácticos e Mattos e Silva sinala que o obxecto é nestes casos tópico oracional (2001²).

case alcanzan os 18 no esquema con PRTVO). A media na PN sitúase ó redor das tres cuartas partes dos exemplos con posposición do obxecto ó verbo e dunha cuarta parte de casos de anteposición. Os esquemas maioritarios son novamente os que presentan ausencia de suxeito (61,5% e 39,5%, respectivamente para os casos de posposición e anteposición do obxecto), seguidos moi de preto polos casos de anteposición do suxeito ó verbo (34,4% e 45,6% -sobre todo na orde SXV-, respectivamente) e en último lugar están os non abundantes exemplos de posposición do suxeito ó verbo (4,1% -con preferencia por VSX- e 14,9%, tamén respectivamente).

No cadro seguinte ofrecemos unha distribución dos datos dende a perspectiva cronolóxica (exclúense clíticos e relativos -en calquera das funcións que inician a cadea argumental, incluído o suxeito-):

-Cadro 12-

%	XIII	XIVa	XIVb	XVa	XVb
VX	55,3	56,5	53,4	56,5	59
XV	10	3,8	5,6	4,7	0,8
SVX	18,4	18,3	23,9	29,1	26,8
XVS	2,2	1,2	3,9	0,5	1,7
VXS	1,1	1,6	2,4	2,1	4,2
VSX	8,3	18,29	4,7	6,3	
SXV	3,7	0,2	1,5	1,9	1,2
XSV	1	0,2	0,3	0,5	

As dúas primeiras, VX e XV, que se achegan ás 3/5 partes do total, son as máis frecuentes (cfr. coa identificación de Ilza Ribeiro (1996) do portugués arcaico como lingua de suxeito nulo e co dato que en §2.1. ofrecemos para o latín). Advértase a regularidade da escola VX e a diminución de XV (xustificada en boa medida polos exemplos da lírica do s. XIII) (24). De estar S explícito en todas as etapas consideradas é SVX a máis empregada, aínda que en medida desigual porque se constata un aumento duns dez puntos segundo nos achegamos ó s. XV (25). Isto está intimamente relacionado coa preferencia por outro esquema, VSX, especialmente documentado no XIII e, sobre todo, no XIV. As outras ordenacións posibles teñen máis ben un carácter residual e relaciónanse con diversos factores (26).

De maneira resumida convén lembrar que un 42,6% das FNs que se antepoñen ó verbo (en XV) pertencen á produción lírica. Se os exemplos anteriores se documentan nun 55,3% das ocasións en oracións subordinadas, cos casos que non proceden da lírica esta proporción aumenta ata o 74%³⁴. Outro dato relevante refírese á animación pois hai que subliñar que o 73,4% dos CDIRS antepostos son humanos (maioritariamente sen preposición: 97,1%).

³⁴ Coincide o galego, xa que logo, co caso portugués (cfr. Ana Maria Martins 2003).

Esquema XVS. Todos os exemplos comparten unha característica: o argumento (X) é o tema das respectivas oracións (non hai ningún outro elemento, circunstancial, diante del, agás, obviamente, os conectadores correspondentes -de existiren-). Neste caso o esquema con CDIR posúe case a metade dos exemplos, non hai predominio da subordinación (40%) nin da animación, é excepcional que o elemento adiantado sexa unha completiva (27 e 28).

Esquema SXV. Ademais de que un 42,3% dos exemplos pertence á poesía e un 26,9% á PN, ten razón Ana María Martins (2003) ó sinalar que os contextos habituais son de subordinación (86,6%). O esquema maioritario é novamente o de CDIR (55,8%) e non intervénto tanto o factor da animación coma o feito de que case a metade destes CDIRS antepostos presenten determinación definida. Polo que se refire ó tipo de unidade nun número importante de ocasións (40,4%) estamos diante dun pronome persoal, só en contadas ocasións (5,8%) se trata dunha oración (29 e 30). Verbo do esquema XSV o máis importante é confirmar que prototipicamente presenta no obxecto un pronome relativo (31).

Para concluírmos esta aproximación ofrecemos a comparación entre os esquemas con anteposición de obxecto e con posposición (quedan fóra os relativos e os clíticos):

-Cadro 13-

%	(S)V(S)...X(S)	(S)X...(S)V(S)
FN	86,9	13,1
FN COORD.	86	14
NPROPIO	88,3	11,7
PR.PERS.	66,9	33,1
ORACIÓN	97,8	2,2
ADVERBIO	58,8	41,2

As tendencias son ben nidias: a práctica totalidade das oracións veñen pospostas a V (cfr. co sinalado en Rodríguez Guerra (no prelo) para o latín) (32); as FNs e os nomes propios prefiren, achegándose a valores próximos ó 90%, tamén a posposición (33); esta preferencia non está tan clara no caso dos pronomes persoais que teñen unha terceira parte dos exemplos de anteposición (34); os adverbios son, por último, os que amosan uns datos máis proporcionados porque as anteposicións non alcanzan as tres quintas partes dos exemplos (35).

4. EN CONCLUSIÓN

Para recapitular, en primeiro lugar coidamos que, por moitos séculos que teñamos entre o período que vai do s. III a.C. ó V d.C., o camiño que percorreu a ordenación dos constituíntes na predicación latina ou latinovulgar non actuou de maneira arbitraria, inconsistente e flutuante, polo menos non se o contemplamos dende un nivel de formalismo elevado. Pensamos que, nomeadamente, debemos falar en termos de sinerxías osmóticas que, ora máis rápido, ora máis lento, e sempre en función de factores particulares que podían (des)acelerar

o proceso ou modificar incluso no propio nivel realizativo as tendencias, conduciron a lingua cara a un gran obxectivo principal: rendibilizar ó máximo co mínimo custo unha ferramenta lingüística tan potente como dúctil: a secuencialización no tempo ou no espazo dos signos lingüísticos que constitúen unha mensaxe.

Evidentemente, o camiño foi moi complexo dende o momento en que interviñeron moitas variables (algunhas das cales fomos enunciando), pero foi o suficientemente intuitivo e gradual para que a deriva cara á que conduciu o proceso se completase homoxénea e coherentemente na totalidade da Romanía en época aínda latina (ou non romance). Á vista dos datos é innegable que (e deixando de lado textos cun elevado grao de formalismo e respecto por unha norma estrita) xa dende o período arcaico (s. III a.C.) o latín coñecía a convivencia de distintas posibilidades organizativas (gramaticalmente correctas) dos constituíntes oracionais, posibilidades que variaban fundamentalmente en función dun parámetro esencial: a estratexia informativa (cfr. entre outros con Pinkster 1995). Os datos revelan tamén que sempre houbo unha escolla máis frecuente que, de cumprir outros requisitos, é posible que fose sinónimo de opción máis prototípica, menos marcada ou máis habitual.

Agora ben, non debemos simplificar o discurso e convén que introduzamos algúns parámetros que nos permitan entender por que sospeitamos que unha hipotética 'koiné' do latín na súa vertente oral non está tan afastada da combinatoria que amosan en graos distintos PLAUT., TER., en certa medida o propio CIC. de (B), PETR. ou, sobre todo I.PO., TEREN. ou P.E.

Efectivamente, a temperá fixación prescritiva da orde (S)OV como a canónica da oración latina e mesmo as repercusións que na vertente escrita provocou o lóxico respecto pola norma, non poden facernos obviar que si semellaba existir en latín unha orde, (S)OV, que sintacticamente resultaba a máis prototípica e a menos marcada informativamente das que permitía a oración básica (mais non se debe esquecer que esta non gozou nunca dunha prerrogativa de inmutabilidade, senón que foi receptiva ós cambios que, engorde, se foron producindo nas coordenadas que configuran calidoscopicamente a variable lingüística). Consonte a información recollida en Rodríguez Guerra (no prelo) o devir do cambio ó longo dos séculos témolo que entender (i) dunha maneira gradual e (ii) como produto e/ou resultado final da (inter)combinación de moitos factores. Entre eles ocupan un lugar senlleiro, a propia contorna do obxecto (o sistema de marca -flexional ou prepositiva-, o tipo de unidade que o constitúe -quer na vertente 'pesada', quer na pronominal-, a súa resposta a parámetros como a animación, a determinación...), a contorna da predicación (predicación independente ou subordinada, tempo verbal, modalidade oracional...) e, sobre todo, o nivel informativo. Todo o anterior sen esquecermos a 'consistencia'³⁵ á que tendeu a lingua (neo)latina na súa deriva cara á selección da orde (S)VO e, en xeral, da orde NÚCLEO-MODIFICADOR, como a menos marcada das posibles.

³⁵ Sen sermos exhaustivos incluíranse as adposicións (pre/posposicións), a marca casual en xenitivo, o lugar da frase en que se sitúa o adxectivo, as partículas interrogativas, as predicacións subordinadas, o auxiliar nunha perífrase, as comparativas de superioridade, as subordinadas de relativo, etc.

BIBLIOGRAFÍA

- Adams, J. N. (1976): "A typological approach to Latin word order", *Indogermanische Forschungen* 81, pp. 70-99.
- Adams, J. N. (1977): *The vulgar Latin of the letters of Claudius Terentianus*. Manchester: Manchester University Press.
- Álvarez-Pedrosa Núñez, Juan Antonio (1986): "El orden de palabras en latín: inscripciones arcaicas de tipo jurídico", *Archivum* 36, pp. 89-104.
- BILEGA: Francisco García Gondar (dir.) (1995): *Repertorio bibliográfico da lingüística galega. Desde os seus inicios ata 1994 inclusive*. Santiago de Compostela: Publicacións do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. [Atópase permanentemente actualizado en www.cirp.es/WXN/vxn/frames/bilega.html].
- Blake, Robert (1992): "Aspectos sintácticos del español antiguo: la prosa latinizada del *Cartulario de San Millán de la Cogolla*", in M. Ariza et alii (eds.): *Actas del II Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española*. Madrid: Pabellón de España, vol. I, pp. 291-305.
- Bossong, Georg (1998): "La typologie des langues romanes", in G. Holtus, M. Metzeltin e Ch. Schmitt (eds.): *Lexikon der Romanistischen Linguistik*. VII, pp. 1003-1019.
- Cabrillana Leal, Concepción (1993a): "Panorama de los estudios sobre orden de palabras en latín", *Minerva* 7, pp. 223-54.
- Cabrillana Leal, Concepción (1993b): "Posiciones relativas en la ordenación de constituyentes (I). Estudio de la posición de Sujeto, Objeto y Verbo en latín", *Habis* 24, pp. 249-66.
- Cabrillana, Concepción (1999): "Type of Text, Pragmatic Function, and Constituent Order. A Comparative Study of the *Mulomedicina Chironis* and the *Peregrinatio Egeriae*", in Hubert Petersmann e Rudolf Kettmann (eds.): *Latin vulgare - latin tardif V*. Heidelberg: Universitätsverlag C. Winter, pp. 319-30.
- Calcante, Cesare Marco (2000): *Genera dicendi e retorica del Sublime*. Pisa / Roma: Istituti Editoriali e Poligrafici Internazionali.
- CODOLGA: José Eduardo López Pereira (dir.): *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (<http://corpus.cirp.es/codolga/corga.html>)
- Dardel, Robert de (1989): "L'hypothèse d'une base OVS en protoroman", *Probus* 1/1, pp. 121-43.
- Dardel, Robert de (2000): "Un double ordre de base en protoroman", in Annick Englebert, Michel Pierrard, Laurence Rosier e Dan Van Raemdonck (eds.): *Actes du XXII^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes*. Tübingen: Max Niemeyer. Vol. II, pp. 123-8.
- Elerick, Charles (1994): "Phenotypic linearization in Latin, word order universals, and language change", in József Herman (ed.): *Linguistic Studies on Latin. Selected papers from the 6th international colloquium on Latin linguistics*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, pp. 67-74.
- Folgar, Carlos (1993): *Diacronía de los objetos directo e indirecto (del latín al castellano medieval)*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 37 de *Verba*.
- García Sanchidrián, María Luisa (1994): "El orden de palabras en las cartas de San Braulio", in *Actas del VIII Congreso español de Estudios Clásicos*. Madrid: Ediciones Clásicas. Vol I, pp. 549-53.

- Herman, József (1998): “La chronologie de la transition: un essai”, in J. Herman (ed.) e Luca Mondin (colb.): *La transizione dal latino alle lingue romanze*. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 5-26.
- Hinojo Andrés, Gregorio (1985): “Del orden de palabras en el *Satiricón*”, in J. L. Melena (ed.): *Symbolae Lvdivico Mitxelena Septvagenario Oblatae*. Gasteiz: Euskal Herriko Unibertsitatea, pp. 245-254.
- Hinojo Andrés, Gregorio (1986): “El orden de palabras en la *Peregrinatio Aetheriae*”, *Studia Zamorensia* 7, pp. 79-87.
- Hinojo Andrés, Gregorio (2002): “El orden de palabras en latín medieval”, in M. Pérez González (coord.): *Actas III Congreso Hispánico de latín medieval*. León: Universidad, vol. II, pp. 627-35.
- Lazard, Sylviane (1992): “Quel sens donner à la variation de l’ordre des mots dans la *Theodoriciana*?”, in R. Lorenzo Vázquez (ed.): *Actas do XIX CILFR*, A Coruña: Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, vol. 5, pp. 699-709.
- López García, Ángel (2000): *Cómo surgió el español*. Madrid: Gredos.
- López Martínez, M^a Sol (1993): *O complemento directo con preposición a en galego*. Santiago de Compostela: Universidade. Anexo 36 de *Verba*.
- Magni, Elisabetta (2000): “L’ordine delle parole nel latino pompeiano: sulle tracce di una deriva”, *Archivio Glottologico Italiano* 85/1, pp. 3-37.
- Martins, Ana Maria (2003): “Mudança Sintáctica e História da Língua Portuguesa”, in Brian F. Head (et alii) (eds.): *História da Língua e História da Gramática*. Braga: Universidade do Minho, 2002, pp. 251-97.
- Mattos e Silva, Rosa Virgínia (1989): *Estruturas trecentistas: elementos para uma gramática do português arcaico*. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- Mattos e Silva, Rosa Virgínia (2001²): *O português arcaico: morfologia e sintaxe*. São Paulo: Contexto. [1994¹]
- Meyer-Hermann, Reinhard (1988): “¿Se debe la posposición del sujeto en el español a una influencia árabe?”, *Revista de Filología Española*, 68/1-2, pp. 67-96.
- Molinelli, Piera (1986): “L’ordine delle parole in latino: studi recenti”, *Lingua e Stile* 21/4, pp. 485-98.
- Nocentini, Alberto (1990): “L’uso dei dimostrativi nella *Peregrinatio Egeriae* e la genesi dell’articolo romanzo”, in *Atti del convegno internazionale sulla Peregrinatio Egeriae*. Arezzo: Accademia Petrarca di L.A.S., pp. 137-158.
- Ostafin, David M. (1990): *Studies in latin Word Order: A Transformational Approach*. Ann Arbor: UMI.
- Pinkster, Harm (1992): “Notes on the Syntax of Celsus”, *Mnemosyne* 45/4, pp. 513-524.
- Pinkster, Harm (1993a): “Chronologie et cohérence de quelques évolutions latines et romanes”, in Gerold Hilty et alii (eds.): *Actes du XX^e CILPhR*. Tübingen: Francke. Vol. III, pp. 237-50.
- Pinkster, Harm (1993b): “Tipo di testo e variazione linguistica in latino”, in Gerold Hilty et alii (eds.): *Actes du XX^e CILPhR*. Tübingen: Francke. Vol. II, pp. 645-650.
- Pinkster, Harm (1995): *Sintaxis y semántica del latín*. Madrid: Ediciones Clásicas. Trad. de: *Latin Syntax and Semantics*. London/New York: Routledge, 1990 (versión do orixinal: *Latijnse Sintaxis en Semantiek*. Amsterdam: Grüner, 1984).

- Pinkster, Harm (1996²): “Evidence for SVO in Latin?”, in Roger Wright (ed.): *Latin and the Romance languages in the early Middle Ages*. London / New York: Routledge, pp. 69-82.
- Puche López, M^a Carmen (1993): *Un estudio de las cláusulas en la novela Historia Apollonii Regis Tyri*. Universidade de Murcia. Tese de doutoramento. Vol. I.
- Ramat, Paolo (1984): “Per una tipologia del latino pompeiano”, in *Linguistica tipologica*. Bologna: Il Mulino, pp. 137-142.
- Regueira, X. L. (coord.) et alii (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*. Vigo: Xerais.
- Ribeiro, Ilza (1996): “A ordem dos constituintes”, in R. V. Mattos e Silva (ed.): *A Carta de Caminha: testemunho lingüístico de 1500*. Salvador: Editora da Universidade Federal da Bahia, pp. 27-62.
- Rizzi, Elena e Piera Molinelli (1994): “Latin and Greek compared: word order in a bilingual papyrian text (*P. Bon. 5*)”, in J. Herman (ed.): *Linguistic Studies on Latin*. Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins, pp. 113-127.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2000): “A xerarquía da animación do latín ó galego e ó portugués”, in J. M. Carrasco et alii (eds.): *Actas del Congreso Internacional de Historia y Cultura en la Frontera*, vol. II, Cáceres: Univ. de Extremadura, pp. 845-863.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (no prelo): “Parámetros (co)implicados na ordenación de constituíntes oracionais en latín”, in O. Figueiredo, G. Rio-Torto e F. Silva (eds.): *Dar a palabra à língua em Homenagem a Mário Vilela*. Porto: FLUP.
- Teyssier, Paul (1987³): *História da língua portuguesa*. Lisboa: Sá da Costa.
- Väänänen, Veikko (1987): *Le Journal-Épître d'Égérie (Itinerarium Egeriae). Étude linguistique*. Helsinki: Academia Scientiarum Fennica.
- Wolffs, P. (1987): *Woordvolgorde in de Acta conventus carthaginensis*. MA thesis. University of Amsterdam.
- Wüest, Jakob (1998): “Pour une linguistique historique non linéaire: les formes analytiques du latin”, in J. Herman (ed.) e L. Mondin (colb.): *La transizione dal latino alle lingue romanze*. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 87-98.
- Zamboni, Alberto (1998): “Cambiamento di lingua o cambiamento di sistema? Per un bilancio cronologico della transizione”, in J. Herman (ed.): *La transizione dal latino alle lingue romanze*. Tübingen: Max Niemeyer, pp. 99-127.

Obras latinas citadas

- A.C.C.: *Acta conuentus carthaginensis* (411 d.C.) (A) [en Pinkster 1996²] e (B) [Wolffs 1987].
- A.V.: *Anonymus Valesianus II* (s. VI d.C.); (A) [en Adams 1977]; (B) parágrafos 38-57 [en Adams 1976]; (C) [en Lazard 1992].
- AUGUST.: Aurelius Augustinus; *Confessiones* libros I e II (ss. IV-V d.C.) [en Ostafin 1990].
- BRAU.: 32 cartas de San Braulio, bispo de Zaragoza (s. VII d.C.) [en García Sanchidrián 1994].
- CAES.: Cajus Julius Caesar (s. I a.C.); *De bello Gallico* (A) 1-6 [en Ostafin 1990] e (B) 1-7 e *De bello ciuile* [Trabalho inédito de Ch. Elerick “Word order in Caesar: SOV/V-1”, en Pinkster 1996²].
- CELS.: Aulus Cornelius Celsus (s. I d.C.); *De medicina* 1-6 [trabalho inédito de L. Collewijn do que dá conta H. Pinkster 1992].

- Cic.: Marcus Tullius Cicero (s. I a.C.); (A) *Pro Archia* e *Pro Marcello* [en Ostafin 1990]; (B) *Epistulae ad Atticum* I [en Cabrillana 1993b] e (C) *Pro Roscio Amerino* 1-34 e *Pro rege Deiotaro* [en Adams 1976].
- C.F.: Carta de Fundación da Igrexa de Lardosa (882 d.C.) [manexamos a edición de António Emiliano incluída no artigo “O mais antigo documento latino-português (882 a.D.) -edição e estudo gráfico-”, *Verba* 26, 1999, pp. 7-42].
- C.M.C.: *Cartulario de San Millán de la Cogolla* (ss. IX, X e XI) [exclúense as cartas de privilexio real e os actos exclusivamente eclesiásticos; en Blake 1992].
- D.T.L.: *Duodecim Tabularum Leges* (c. 450 a.C.) [en Adams 1976].
- H.A.: *Historia Apollonii regis Tyri* (ss. V-VI d.C.) [en Puche López 1993: (A) e (B) responden, respectivamente, ás dúas recensións, RA e RB, da obra].
- HIER.: Sophronius Eusebius Hieronymus; *Epistulae* I, VII, XIV, XXXVIII e XLV (ss. IV-V d.C.) [en Ostafin 1990].
- I.A.X.: Inscricións arcaicas xurídicas (s. II a.C.). Está constituído este corpus por fragmentos que pertencen a: *Decreto de Paulo Emilio, S.C.B.*, *Senado Consulto de Pago Montano*, *Sentencia dos Minucios* e *Lei Acilia* [en Álvarez-Pedrosa Núñez 1986].
- I.Po.: Inscricións de Pompei (s. I d.C.) [en P. Ramat 1984].
- LT.M.: *Latín medieval*. Os textos analizados proceden da antoloxía de K. P. Harrington (*Mediaeval Latin*. Chicago: University Press, 1962) e teñen en conta dez autores (entre parénteses dáse a obra de que proceden os fragmentos estudados): Aetheria (*Peregrinatio*), Sulpicius Severus (*Vita S. Martini*), Iordanes (*Getica*), Ennodius (*Panegyricus*), Eugippius (*Vita S. Severini*), Gregorius Turonensis (*Historia Francorum*), Fredegarius (*Chronicum*), Gregorius Magnus (*Epistulae*), Isidorus (*Etymologiae*) e Baeda (*Historia Ecclesiastica*) [en Hinojo 2002].
- M.Ch.: *Mulomedicina Chironis* (s. V d.C.) [en Cabrillana 1999].
- P.B.: *Papyrus Bononiensis* 5 (ss. IV-V d.C.) [en Rizzi e Molinelli 1994].
- P.E.: *Peregrinatio Egeriae* (s. V d.C.); (A) [en G. Hinojo 1986 e 2002]; (B) [en Väänänen 1987] e (C) [en Nocentini 1990].
- PETR.: Petronius Arbiter; *Satiricon* (s. I d.C.); [en G. Hinojo 1985].
- PLAUT.: Titus Maccius Plautus; *Captivi*, *Amphitruo* 1-400, *Aulularia* 1-325, *Asinaria* 1-380, *Miles Gloriosus* 1-500; (ss. III-II a.C.) [en Adams 1976].
- S.C.B.: Senatus Consultum de Bacchanalibus (186 a.C.) [en Adams 1976].
- SUET.: Cajus Suetonius Tranquillus; *Caligula* 1-16; (s. II d.C.) [en Adams 1976].
- TER.: Publius Terentius Afer; *Andria* 1-300; (s. II a.C.) [en Adams 1976].
- TEREN.: Cartas en latín de Claudius Terentianus (s. II d.C.) [en Adams 1977].
- VIT.: Vitruvius; *De Architectura* 1.1-4 (s. I a.C.) [en Pinkster 1996²].

Obras medievais empregadas

- CI: Rui Vasques (2001): *Crónica de Santa María de Iria*. (Ed. de J. A. Souto Cabo). Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos.

- CSM: Alfonso X (1959/1972): *Cantigas de Santa Maria*. 4 vols. (Ed. de Walter Mettmann). Coimbra: Acta Universitatis Conimbricensis. Reimpresión en Vigo: Xerais, 1981, 2 vols.
- CT: Ramón Lorenzo (ed.) (1985): *Crónica Troiana*. A Coruña: RAG/Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”.
- GE: Alfonso X (1963): *General Estoria (Versión gallega del siglo XIV)*. (Ed. de R. Martínez López). Oviedo: Univ. de Oviedo.
- HGP: Clarinda de Azevedo Maia (1986) *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referència à situação do galego moderno)*. Coimbra: I.N.I.C.
- HT: Kelvin M. Parker (ed.) (1975): *Historia Troyana*. Santiago de Compostela: CSIC (I.P.S.E.G.).
- LN: Fernando R. Tato Plaza (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LP: Mercedes Brea López (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa*. 2 vols. Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”.
- LT: Pilar Lorenzo Gradín e J. Antón Souto Cabo (coords.) (2001): *Livro de Tristán e Livro de Merlin*. Estudo, edición, notas e glosario. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: Santiago de Compostela. [Manexamos a edición crítica, pp. 87-103.]
- MS: J. Luis Pensado (ed.) (1958): *Mirages de Santiago*. Madrid: RFE (Anexo 68).
- PN: Está integrada por HGP, LN, USC e VFD.
- TA: Juan Domínguez Fontela (ed.) (1938-1939): “*Tratado de Albeitaría* por Jordan Rubio, de Calabria. Prefacio y transcripción crítica por Juan Domínguez Fontela, de la Real Academia de la Historia”, *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, XI, 1938, 238, pp. 302-9; 239, pp. 345-52; 240, pp. 395-402; 241, pp. 451-8; 242, pp. 495-502; 243, pp. 543-50; XII, 1939, 244, pp. 13-20; 245, pp. 93-100; 246, pp. 109-15.
- TCX: Ramón Lorenzo (ed.) (1975/1977): *La Traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. 2 vols. Ourense: I.E.O.P.F.
- USC: M^a José Justo Martín e Manuel Lucas Álvarez (eds.) (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237-1537)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- VFD: Xesús Ferro Couselo (ed.) (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia.